



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 24 de XULLO de 2025

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día vinte e catro de xullo de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(564).- RECTIFICACIÓN DE ERROS EN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRO DO MANTEMENTO DA LICENZA DO PROGRAMA DE XESTIÓN DO ARQUIVO MUNICIPAL (ODILO A3W). EXPTE 10669-113.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/07/2025, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica e conformado pola xefa de Asesoramento, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de 11 de xullo de 2025 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente de contratación para o subministro do mantemento de licenza programa xestión arquivo municipal (odilo a3w).

Detectado erro no texto de dito acordo en canto ao tipo de procedemento de contratación que se citaba, que non era o aberto ordinario senón o aberto simplificado de tramitación abreviada, procede a súa rectificación en base ao art. 109.2 LPAC nos seguintes termos:

-O fundamento de dereito quinto parágrafo segundo queda redactado como segue:

O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado abreviado e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no 159.6 LCSP.

- O punto primeiro do acordo queda redactado como segue:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado abreviado e forma de tramitación ordinaria coa finalidade de realizar a contratación do mantemento da licenza do programa de xestión do Arquivo Municipal (ODILO A3W), no que constan (...)

Á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local de 11 de xullo de 2025 que queda redactado como segue:

-fundamento de dereito quinto parágrafo segundo:

O procedemento elixido para a contratación é aberto simplificado abreviado e forma de tramitación do expediente ordinaria, conforme ao disposto no artigo 159.6 LCSP.

- punto primeiro do acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado abreviado e forma de tramitación ordinaria coa finalidade de realizar a contratación do mantemento da licenza do programa de xestión do Arquivo Municipal (ODILO A3W), no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 07/04/2025 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de datas 24/04/2025 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 08/05/2025 asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Memoria económica do contrato de data 04/06/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

- Memoria xustificativa do contrato de data 04/06/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Informe da Xefa do Servizo de Contratación de data 06/06/2025, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 06/06/2025.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

2(565).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO DAS LICENCIAS DO ANTIVIRUS CORPORATIVO E ADQUISICIÓN DE NOVAS LICENZAS. EXPTE 10675-113.

Visto o informe xurídico de data 15/07/2025 e o informe de fiscalización do 16/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/07/2025, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 11/04/2025 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, inicia o expediente coa finalidade da contratación da renovación do mantemento das 1500 licenzas e adquisición de 200, para un total de 1700 licencias do antivirus NOD32, utilizado polo Concello de Vigo. NOD32 é o software antivirus que se está a utilizar nos ordenadores dos postos de traballo do Concello de Vigo, tamén é o software que se instala e configuran nos dispositivos móbiles.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 11/04/2025 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 22/04/2025 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Memoria xustificativa do contrato de data 04/06/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 04/06/2025 asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Memoria económica do contrato de data 04/06/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data e do Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda do 05/06/2025.

- Informe da Xefa do Servizo de Contratación e da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 10/06/2025, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación e a Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 02/07/2025.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polo Decreto da Alcaldía de data 19 de xuño do 2023 de estrutura das áreas, que se completa coa Resolución da Alcaldía do 20 de xuño do 2023 de delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023 de delegación de competencias. A concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mediante resolución de data 11/04/2025 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP, tramítase como un contrato de subministro.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexerán o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do mantemento das 1500 licenzas e adquisición de 200, para un total de 1700 licencias do antivirus NOD32, utilizado polo Concello de Vigo, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 11/04/2025 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 22/04/2025 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Memoria xustificativa do contrato de data 04/06/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 04/06/2025 asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Memoria económica do contrato de data 04/06/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade,

Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data e do Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda do 05/06/2025.

- Informe da Xefa do Servizo de Contratación e da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 10/06/2025, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación e a Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 02/07/2025.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **15.972,00 €**, que inclúe un I.V.E. de **2.772,00 €**, dende o 1 de setembro de 2025, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVA	TOTAL
2025	Mantemento Software	9207.2279902	13.200,00 €	2.772,00 €	15.972,00 €
Total			13.200,00 €	2.772,00 €	15.972,00 €

TERCEIRO.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de **47.916,00 €**, que inclúe un I.V.E. de **8.316,00 €**, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVA	TOTAL
2026	Mantemento Software	9207.2279902	13.200,00 €	2.772,00 €	15.972,00 €
2027	Mantemento Software	9207.2279902	13.200,00 €	2.772,00 €	15.972,00 €
2028	Mantemento Software	9207.2279902	13.200,00 €	2.772,00 €	15.972,00 €
Total			39.600,00 €	8.316,00 €	47.916,00 €

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(566).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN “ESPAÑA CON ACNUR” (COMITÉ ESPAÑOL DO ALTO COMISIONADO DAS NACIONS UNIDAS PARA OS REFUXIADOS) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO HUMANITARIO: PROTECCIÓN E ASISTENCIA PARA A POBOACIÓN AFECTADA POLO CONFLITO EN UCRANIA. EXPTE 284525-301.

Visto o informe de fiscalización de data 18/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 02/06/2025, asinado polo xefe de Área de Benestar Social,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

o asesor xurídico adxunto á xefatura de Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. En data 29.05.2024 (Doc. nº 250124477) o representante da Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) presentou no Rexistro electrónico do Concello de Vigo unha solicitude de subvención para o desenvolvemento dun proxecto humanitario de protección e asistencia para a poboación afectada polo conflito en Ucraína.

I.2. Achegouse tamén (ou consta xa en poder desta Administración) toda a documentación administrativa necesaria para a concesión da subvención: datos identificativos da entidade, Memoria xustificativa/Proxecto, certificacións administrativas de cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, estatutos sociais, acreditación da representación, CIF, certificación bancaria actualizada, declaración de non estar inhabilitada nin incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións públicas, etc.

I.3. Mediante Resolución do 02.06.2025, a Concelleira da Área de goberno de Política Social, Turismo e Xuventude ordenou a incoación de expediente administrativo para a tramitación e resolución da subvención a favor da Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) para a execución dese proxecto.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- Declaración Universal de Dereitos humanos, 10 de decembro de 1948.
- Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos, 19 de decembro de 1966.
- PIDESC (Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, 19 de decembro de 1966).
- Convención internacional sobre os dereitos do neno, adoptada pola Asemblea Xeral da ONU o 20 novembro de 1989.
- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- L.1/2023, do 20 de febreiro, de 20 de febreiro, de Cooperación para o Desenvolvemento Sostible e a Solidariedade Global.
- L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado.
- L.10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.
- D.29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.
- LRRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.

- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- RD.794/2010, do 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional que se concedan pola Admón. do Estado.
- TRLRFL (RDLex. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- RD.130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a BDNS e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2026.
- Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.
- Nota informativa do 16.03.2016 da Intervención xeral municipal sobre a BDNS.

III. INFORME

III.1. O “Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados” (ACNUR/UNHCR) brinda protección e asistencia ás persoas refuxiadas e desprazadas no mundo. ACNUR foi creado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas e comezou a traballar en 1951. Desde a súa creación ten proporcionado asistencia a millóns de persoas refuxiadas e desprazadas en todo o mundo, o que lle valeu o recoñecemento de dous Premios Nobel da Paz, en 1954 e 1981, e o Premio Príncipe de Asturias en 1991.

III.2. A Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) é unha ONGD, constituída o 26.11.1993 e declarada de utilidade pública, que se encarga de difundir a realidade da poboación refuxiada e desprazada de todo o mundo a través de campañas de sensibilización e educación ó desenvolvemento e de recaudar fondos para programas de emerxencia, post-emerxencia e desenvolvemento de ACNUR.

III.3. ACNUR basea o seu mandato na Convención sobre o Estatuto dos Refuxiados de 1951, que ten como obxectivo garantir o exercicio efectivo dos dereitos humanos das persoas refuxiadas e a non repatriación contra a súa vontade a un país onde sufran persecución. O Alto Comisionado axúdalles a repatriarse ó seu país de orixe cando as condicións así o permitan, a integrarse nos países de asilo ou a reasentarse en terceiros países.

III.4. ACNUR leva traballando en Ucraína desde 1994 e ten 6 oficinas no país. Segundo se expresa na documentación do proxecto presentado ó Concello de Vigo:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

- «...El pasado mes de febrero de 2025, la guerra a gran escala en Ucrania entraba ya en su cuarto año. La escalada de las hostilidades y la destrucción y ocupación de asentamientos en zonas de primera línea de la guerra, junto con ataques aéreos masivos dirigidos contra infraestructuras civiles en todo el país, continúan provocando más desplazamientos, separando familias y destruyendo hogares. Se calcula que 12,7 millones de personas necesitarán ayuda humanitaria en 2025 en Ucrania. Dentro de Ucrania, alrededor de 3,7 millones de personas están actualmente desplazadas de sus hogares, mientras que otros 6,9 millones han buscado seguridad en el extranjero, incluidos 6,3 millones en toda Europa. La población dentro de Ucrania necesita urgentemente asistencia para cubrir necesidades básicas como alimentos, agua y medicamentos. La entrega de ayuda para salvar vidas sigue siendo un reto ya que en un territorio en conflicto el acceso humanitario seguro no puede darse por sentado, y por ello, la ayuda en efectivo es la más adecuada en este tipo de intervenciones.
- La crisis humanitaria en Ucrania es una crisis de protección. Los civiles son objeto de graves violaciones del derecho internacional de los derechos humanos y del derecho internacional humanitario. Las víctimas civiles verificadas entre 2022 y finales de octubre de 2024 ascendieron a casi 39.000, incluidas más de 12.000 muertes, de las cuales más de 2.400 eran niños.
- El proyecto se inserta dentro de la estrategia de trabajo del Programa de ACNUR 2025 en Ucrania, del que forman parte 14 socios (de las cuales 13 son ONGs nacionales), basado en un llamamiento de 550 millones de dólares para asistir a 2,7 millones de personas. A su vez, este Programa forma parte del Plan de Respuesta Humanitaria 2025, que en el sector de la asistencia en efectivo cuenta con un requerimiento presupuestario de 410,2 millones USD para alcanzar 1.4 millones de personas atendidas.
- En 2024, ACNUR distribuyó asistencia en efectivo a unas 600.000 personas afectadas por la guerra e IDPs, retornadas y personas con vulnerabilidades específicas, incluidas más de 525.000 que recibieron diferentes tipos de asistencia en efectivo multipropósito, para ayudar a cubrir los costos de artículos básicos como alimentos, medicinas, ropa, alojamiento y servicios públicos, así como para satisfacer sus necesidades energéticas en invierno.
- Estos retos se ven ahora agravados por una brusca y repentina contracción de la financiación humanitaria, impulsada en parte por la suspensión de la programación humanitaria por parte del Gobierno de Estados Unidos en enero de 2025, pero también por la reducción prevista de la disponibilidad global de financiación humanitaria para el año...».

III.5. O obxectivo xeral do proxecto humanitario de ACNUR que se pretende subvencionar é o de contribuir ó proceso de protección internacional da poboación desprazada dentro de Ucrania asegurando o acceso a servizos de necesidades básicas no contexto do conflito bélico. O proxecto continuará os esforzos da estratexia de ACNUR para respostar ás necesidades desde o inicio da guerra en Ucrania e, de maneira específica, no marco dos programas de asistencia en efectivo multipropósito dirixidos á poboación afectada polo conflito en todo o país.

III.6. O seu obxectivo específico é proveer a 40 desprazadas/os internas/os en Ucrania de axuda en efectivo para asegurar o seu acceso a servizos e necesidades básicas segundo os estándares de protección internacionais.

III.7. O resultado agardado descríbese do seguinte xeito:

«Resultado 1: Mejoradas las condiciones de vida de 40 desplazadas/os internas/os (una media de 100 personas en total) mediante la provisión de ayudas de emergencia en efectivo.

IOV 1.1. Al menos 40 desplazadas/os internas/os en Ucrania tienen acceso a una ayuda de emergencia en efectivo.

FV 1.1. Informes actualizados de ACNUR/ UNHCR sobre la Emergencia de Ucrania (factsheets, updates, sitreps) que contengan datos sobre las actividades de ACNUR en la zona de intervención».

III.8. Canto á poboación beneficiaria directa do proxecto, indícase: *«De manera concreta, se dirige a 40 personas que recibirán la asistencia en efectivo, teniendo un impacto directo en todo su núcleo familiar y llegando a cubrir las necesidades de una media de 100 personas en total».*

III.9. Segundo se reflicte no orzamento presentado, o custo total deste proxecto humanitario estímase en 10.000 €, que sería financiado integramente coa achega do Concello de Vigo.

III.10. Nos vixentes orzamentos municipais da Concellería de Política Social está prevista a concesión dunha subvención nominativa a favor de ACNUR por importe de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“Axuda a Acnur”).

III.11. Esta previsión figura tamén no vixente Plan Estratéxico de Subvencións (PES) 2024-2026 do Concello de Vigo (Liña 1-4: “Axuda humanitaria”), aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 08.03.2024 (Exp. nº 277/143). De acordo co PES, o obxectivo estratéxico que se pretende lograr con esta subvención é contribuir ó proceso de protección internacional da poboación desprazada dentro de Ucrania garantindo o acceso a servizos de necesidades básicas. Posibilítase a consecución deste obxectivo mediante o financiamento municipal do proxecto humanitario presentado por ACNUR, que considera que “... la contribución de 10.000 euros del Ayuntamiento de Vigo marca la diferencia en la calidad de vida, la dignidad y la seguridad de las familias desplazadas internamente en Ucrania, que lo han perdido todo con la guerra”.

III.12. A posibilidade da súa concesión directa á entidade designada nos orzamentos prevese expresamente nos Arts. 22.2.a) da LXS e no Art. 19.4.a) da LSG. Para estes efectos, teñen a consideración de «subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais» aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento.

Ademais, a Disposición adicional 2ª da LSG, posta en relación co seu Art. 19.4, posibilita tamén a concesión directa das subvencións en materia de cooperación para o desenvolvemento reguladas hoxe na L.10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, que inclúe entre as prioridades da cooperación galega a atención ás situacións de maior pobreza e desigualdade e establece a intervención prioritaria en ámbitos ou sectores como o exercicio dos dereitos sociais básicos polas persoas e os colectivos máis pobres e vulnerables (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico), a igualdade de xénero e o apoderamento e exercicio pleno e integral de dereitos das mulleres e da infancia ou a educación para a cidadanía global.

III.13. O procedemento para a concesión destas subvencións iníciase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ó que se imputa á subvención ou por instancia do interesado e rematará coa resolución de concesión ou coa formalización do correspondente convenio.

III.14. A concesión desta subvención estará suxeita, especificamente, ás condicións e compromisos establecidos na propia Resolución de concesión (Art. 26 LSG, Art. 28 LXS, Art. 67 RD.887/2006 e Base



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

38 das de execución dos orzamentos xerais): obxecto, beneficiarios, crédito orzamentario, compatibilidade/incompatibilidade con outras subvencións, pagamento e xustificación, etc.

III.15. As competencias municipais en materia de cooperación internacional descentralizada atopan fundamento tanto na lexislación de réxime local (Arts. 2 e 25 LRBRL, 80.1 LALGA...) como, especificamente, na lexislación sectorial estatal e autonómica. Así:

- A L.1/2023, do 20 de febreiro, de 20 de febreiro, de Cooperación para o Desenvolvemento Sostible e a Solidariedade Global reconece o importante papel da cooperación das entidades locais no sistema da cooperación española para o desenvolvemento sostible e a solidariedade global a partir da súa traxectoria e capacidade de xerar alianzas, mobilizar ós actores e as capacidades económicas e sociais e o coñecemento experto, así como o das propias administracións locais, nas áreas nas que gozan de competencias e capacidades, e promover a participación social e a democracia no ámbito local. Sinala tamén que os actores estatais do sistema español de cooperación para o desenvolvemento sostible promoverán a actividade de cooperación dos entes locais e a simplificación de trámites burocráticos para favorecer dito obxectivo e que esta cooperación poderá exercerse tamén a través de fondos municipais de cooperación ou doutras entidades (Art. 37 L.1/2023).

A lei inclúe entre os obxectivos da política de cooperación internacional para o desenvolvemento sostible a prevención e atención das situacións de emerxencia mediante a prestación de accións de axuda humanitaria (Arts. 4, 13 e ccdtes. L.1/2023).

- A L.10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, reconece tamén esa mesma capacidade municipal para intervir en materia de cooperación internacional, considerando ás entidades locais como “*axentes da cooperación para o desenvolvemento*” (Art. 96.3.a)).
- Finalmente, a L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado, reafirma que as entidades locais poden actuar no eido da cooperación internacional para o desenvolvemento e expresa que a Acción exterior neste sector orientarase a contribuír á erradicación da pobreza, ó desenvolvemento humano sostible e ó pleno exercicio dos dereitos, mediante a consolidación dos procesos democráticos e o Estado de Dereito, a redución das desigualdades, o fomento dos sistemas de cohesión social, a promoción dos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero, dando unha resposta de calidade ás crisis humanitarias.

A seguir, enumera entre os suxeitos da Acción Exterior do Estado ás Admóns. Públicas (entre as que, loxicamente, inclúese a Admón. local) e prescrib o deber dos órganos constitucionais, as CCAA, as Cidades Autónomas, «*as entidades que integran a Administración Local*» e os organismos, entidades e institucións delas dependentes de manter informado ó Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das súas propostas sobre actuacións con proxección exterior, para que este departamento poida informar e, de ser o caso, emitir recomendacións motivadas sobre a adecuación da proposta de actuación ás directrices, fins e obxectivos da Política Exterior fixados polo Goberno e os instrumentos de planificación establecidos por esta lei (Arts. 5, 11 e ccdtes.).

Esta atribución competencial realizada pola lexislación sectorial en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento ten fundamento mediato na propia CE/1978 (Preámbulo, Título Preliminar, Arts. 9.2, 10, 137...) e resulta congruente co contido do Art. 10.3 da Carta Europea de

Autonomía local, ratificada por España, que establece que as entidades locais poderán, nas condicións eventualmente previstas pola Lei, cooperar coas entidades doutros Estados.

Outra cousa é o alcance do exercicio desta competencia, que estará necesariamente supeditado ás directrices da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento e delimitado pola aplicación dos principios de colaboración, autonomía orzamentaria, autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución e cumprimento da lexislación en materia de estabilidade e sostibilidade orzamentaria.

III.16. O proxecto presentado ó Concello de Vigo pola Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) estaría en coherencia tanto coas políticas de acción humanitaria do Estado («Plan Director de la Cooperación Española para el Desarrollo Sostenible y la Solidaridad Global 2024-2027») como coas políticas de acción humanitaria da cooperación galega, concretadas no «V Plan Director da Cooperación Galega 2023 – 2026», nos que se recolle como unha das súas orientacións estratéxicas responder ás crises humanitarias con calidade, priorizando a intervención en favor de poboacións en base á súa vulnerabilidade.

III.17. Toda vez que ten transcendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), o expediente deberá ser sometido a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL e Arts. 133 e 136 LRBRL), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

III.18. O informe xurídico dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

IV. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Conceder á Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) unha subvención directa por importe de 10.000€ (DEZ MIL EUROS) para o desenvolvemento do proxecto humanitario: “*Protección y asistencia para la población afectada por el conflicto en Ucrania*”, de acordo coa documentación e a proposta presentadas ó Concello de Vigo que constan nos expedientes de referencia.

SEGUNDO.- Aprobar e autorizar o gasto de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“*Axuda a Acnur*”) dos orzamentos vixentes, a favor da Asociación “España con ACNUR”, CIF G – 80757560.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

CUARTO.- A concesión desta subvención rexeráse polas seguintes Estipulacións:

1ª.- *Obxecto*: o obxecto desta subvención será a execución do proxecto de ACNUR: “*Protección y asistencia para la población afectada por el conflicto en Ucrania*”, co que se pretende contribuir ó proceso de protección internacional da poboación desprazada dentro de Ucrania asegurando o acceso a servizos de necesidades básicas no contexto do conflito bélico. A intervención prevista é congruente coas liñas estratéxicas definidas no «Plan Director de la Cooperación Española para el Desarrollo Sostenible y la Solidaridad Global 2024-2027» e no «V Plan Director da Cooperación Galega 2023 – 2026», nos que se recolle como unha das súas orientacións estratéxicas responder ás crises humanitarias con calidade, priorizando a intervención en favor de poboacións en base á súa vulnerabilidade.

2ª.- *Beneficiarios e modalidades de axuda*: as beneficiarias directas deste proxecto serán 40 personas que recibirán a asistencia en efectivo, tendo un impacto directo en todo o seu núcleo familiar, chegando a cubrir as necesidades dunha media de 100 personas en total.

3ª.- *Crédito orzamentario*: o gasto que representa para o Concello de Vigo esta subvención poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“*Axuda a Acnur*”) dos vixentes orzamentos municipais.

4ª.- *Pagamento*: tendo en conta as características humanitarias do proxecto (enmarcable nas axudas de cooperación ó desenvolvemento) e da propia entidade promotora (ACNUR), realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención “sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida” («Réxime especial das axudas en materia de cooperación exterior»).

De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións e a propia Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, non será esixible a constitución de garantías.

5ª.- *Compatibilidade*: esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

6ª.- *Xustificación*: ó abeiro do previsto na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG e en atención á natureza e características específicas do proxecto humanitario de ACNUR, establécese un réxime especial de xustificación.

A documentación xustificativa da subvención deberá achegarse necesariamente **antes do 01.11.2025** a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá, como comprobantes da recepción e correcta execución dos fondos, os seguintes documentos:

- Informe técnico final.
- Certificado emitido pola entidade solicitante de que o proxecto foi executado na súa totalidade e a consecución de obxectivos.
- Documentación acreditativa do envío dos fondos á contraparte local (UNHCR/ACNUR).
 - Copia do ingreso da subvención na conta da entidade solicitante.
 - Copia da transferencia bancaria efectuada por parte da entidade solicitante á contraparte local (UNHCR/ACNUR).
 - Certificado emitido pola entidade solicitante da desagregación da transferencia bancaria efectuada á contraparte local (UNHCR/ACNUR).
 - Certificado emitido pola entidade solicitante da non existencia de gastos e intereses dos fondos outorgados o tempo que estiveron depositados na conta da entidade solicitante antes de ser transferidos á contraparte local (UNHCR/ACNUR).
- Documentación acreditativa da recepción dos fondos pola contraparte local (UNHCR/ACNUR).
- Factura expedida por ACNUR/UNHCR, firmada dixitalmente, correspondente ó ingreso recibido.

A beneficiaria deberá facilitar, de ser o caso, a información complementaria que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

7ª.- *Protección de datos*: en cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto desta Resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial aplicable. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

8ª.- *Réxime xurídico aplicable*: A concesión da subvención rexeráse, ademais de polas anteriores estipulacións, pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; as Bases de Execución dos orzamentos municipais, o Plan Estratégico de Subvencións 2024 – 2026 do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(567).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE FORMACIÓN TEÓRICO-PRÁCTICA DIRIXIDA AO PERSOAL FUNCIONARIO DE NOVO INGRESO EN PRÁCTICAS E INTERINOS NO SERVIZO DE PREVENCIÓN, EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO. EXPTE 7304-213.

Visto o informe de fiscalización de data 1707/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada con data 17/07/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de formación teórico-práctica dirixida ao persoal funcionario de novo ingreso en prácticas e interinos no Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (7304-213)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 30 de maio de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo de formación esixida para o acceso á condición de funcionarios de Bombeiros/as, Condutores/as-bomberos/as, Cabos e Sarxentos/as, do persoal nomeado funcionarios en prácticas trala superación das correspondentes probas selectivas das fases 1 e 2 da Oferta de Emprego Público dos anos 2020, 2021 e 2022 do Concello de Vigo (en adiante OEP 20/21/22): 4 prazas de sarxento, 4 prazas de cabo, 7 prazas de condutor/a-bombeiro/a e 23 prazas de bombeiro/a, das que se executarán na primeira fase da OEP un total de 32 prazas, na segunda fase 2 prazas de sarxento/a quenda libre e 4 cabos (3 quenda libre e 1 promoción interna) así como dun número de persoal interino/a nos postos de Bombeiro/a e Conductor/a Bombeiro/a en número máximo de 20 con cargo ás vacantes xeradas nas OEP 2023 e 2024, pendentes de execución. O número máximo de persoas previsto a formar é de 58, en función da execución das OEP e da existencia de listaxe de aprobados para a contratación do persoal interino. (expediente 7304/213).

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato, elaborado polo Servizo de Contratación con data de sinatura electrónica de 14/05/2025.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas, elaborado polo Prego de prescricións técnicas particulares polo xefe do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento, con data de sinatura electrónica de 14/05/2025.

Cuarto.- Autorizar o gasto por un importe de 202.234,52 euros € (exento de IVE) con cargo ao exercicio 2025.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo contemplados na aplicación presupostaria 1360.2279910 "Cursos de Formación Impartidos por empresas" do exercicio 2025 e bolsa de vinculación. do orzamento de gastos do Concello de Vigo.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 19 de xuño de 2025 adoptou a seguinte resolución:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de formación teórico-práctica dirixida ao persoal funcionario de novo ingreso en prácticas e interinos no Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (7304-213) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, SA	100,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais (e materiais) esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, SA, o día 20 de xuño de 2025, que presenta a documentación requirida o 1 de xullo de 2025, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 9 de xullo de 2025, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acorda outorgar un prazo de 3 días naturais a SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, SA para que puidera emendar a documentación relativa á acreditación dos medios persoais. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación en prazo.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (141.564,16 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (141.564,16 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.

- Acreditación dos medios persoais a adscribir á execución do contrato esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP e acreditación da habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP.
- Seguro de caución por un importe de 10.111,73 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Asemade, figura no expediente o certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura a constitución da mercantil, o seu obxecto social, o apoderamento do seu representante, así como os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA. Además, figura, tamén no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 17 de xullo de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, SA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, SA, segundo o acordo da Mesa de Contratación, de data 19 de xuño de 2025, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, SA o procedemento aberto para a contratación do servizo de formación teórico-práctica dirixida ao persoal funcionario de novo ingreso en prácticas e interinos no Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (7304-213) por un prezo total do contrato de 202.234,52 euros (IVE exento), e coas seguintes condicións:

- a) A porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP é do 0%.*
- b) A experiencia do persoal para adscribir ao contrato superior á mínima esixida no apartado 5F da FEC é a seguinte:*
 - Experiencia dos instrutores/formadores principais:*
 - Experiencia como técnico/a Medio/a en Emerxencias e Protección Civil con máis de 10 anos.*
 - Experiencia como enxeñeiro técnico na rama de electricidade, industrial ou química con máis de dous anos de experiencia, SI.*
 - Experiencia dos instrutores/formadores de apoio como certificado de profesionalidade nivel 2 na Área de Seguridade e Prevención da familia de Seguridade e Medio Ambiente de máis de 5 anos.*
- c) Propón 1 instrutor/formador principal a maiores do esixido no apartado 5F da FEC.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(568).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DAS INSCRICIÓNS, CLASIFICACIÓNS, CRONOMETRAXE DO CIRCUÍTO RUNRUNVIGO. EXPTE 24490-333.

Visto o informe xurídico de data 15/07/2025 e o informe de fiscalización do 16/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 15/07/2025, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo, o concelleiro delegado, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

1.- Con data 02.02.25, de conformidade e no uso das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85) e Decreto de Delegación de Alcaldía de 28.06.24 e tendo en conta que o obxecto desta contratación, implica o exercicio de competencias indicadas como propias, no artigo 25.1 e 25.2.1 da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local o Concelleiro-delegado de Deportes e o Concelleiro da área de goberno de Fomento, Servizos e deportes, resolveron o inicio do expediente administrativo conducente á contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuíto Runrunvigo.

2.- Dito contrato, cuxa data de inicio está prevista para o 01.01.26, tramítase como anticipado de gasto con cargo aos créditos do orzamento do Concello de Vigo, con proposta de imputación á aplicación 3410.2260901 “Organización de actividades deportivas”, crédito que, tal e como se detalla no informe emitido pola Dirección Superior Contable de data 10.03.25, *“ten dotación todos os anos, é un crédito prorrogable, non require que estea aprobado o orzamento, a prórroga permitiría tamén a prórroga desta aplicación e o seu crédito, polo que, pódese tramitar o expediente nº 24490-333”*.

3.- O servizo de deportes ten previsto dinamizar e coordinar o circuíto de carreiras populares da Cidade de Vigo “RunRunVigo 2026”. Este programa, que se ven desenvolvendo ininterrompidamente dende o ano 2009, o que lle outorga unha enorme estabilidade, se impulsa como parte do traballo de fomento e difusión do deporte entre a sociedade viguesa, e propón a coordinación, promoción e difusión de diferentes probas pedestres que tradicionalmente teñen lugar na cidade de Vigo, co propósito de estimular e fomentar a práctica do deporte popular.

4.- Con data 21.02.25, por parte do Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, Rubén Peña Barceló, redáctase o prego de prescricións técnicas particulares para a contratación da prestación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuíto RunRunVigo.

5.- Con data 10.06.25, por parte do Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, Rubén Peña Barceló, redáctase memoria xustificativa da necesidade da contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuíto RunRunVigo.

6.-Con data 09.07.25, por parte da Xefa da área de contratación e novos proxectos, Beatriz Barbará Rodríguez, redáctase o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da prestación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuíto RunRunVigo.

2.- Condicións definitorias do contrato:

a.- Obxecto e natureza do contrato:

É obxecto do presente contrato a realización da prestación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuíto RunRunVigo na cidade de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

O obxecto desta contratación inclúese dentro das competencias propias ao abeiro do artigo 25.2.l da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación de tempo libre”.

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (artigo 28 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordeamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014), así como os aspectos relacionados coa “natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse relacionadas no prego de prescricións técnicas particulares e de forma xeral atende fundamentalmente a xestión das inscricións, clasificacións e cronometraje do circuíto RunRunVigo na cidade de Vigo.

O contrato, polo seu obxecto, será un contrato de Servizo, previsto no artigo 17 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014) (no sucesivo, LCSP).

Non se contempla a división en lotes do contrato xa que determínase que a realización independente ou por lotes das diversas prestacións e traballos obxecto do presente contrato dificultaría a correcta execución do mesmo dende o punto de vista técnico, xa que implica a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes. Tanto para a xestión das inscricións, clasificacións e cronometraje, como para o montaxe e desmonte dos diferentes elementos e infraestruturas recollidos no prego técnico é necesario a utilización de medios humanos, técnico, e especializados que deberían estar vinculados á mesma empresa responsable dos mesmos.

As diferentes prestacións contempladas no obxecto do contrato están vinculadas entre si, son complementarias e non separables, polo que debe tratarse como unha unidade funcional.

b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación.

O importe do valor estimado do contrato permite propoñer que a licitación se realice como un PROCEDIMIENTO ABERTO (Art. 156 da LCSP) e a súa tramitación é a ORDINARIA. Tendo en conta o valor estimado, o presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, polo que non precisa de mais xustificación.

c.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 99 e 102 da LCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, atópase determinado tendo en conta que o prazo máximo do contrato establécese nunha anualidade, o importe máximo para a totalidade do contrato, ao tratarse dun contrato segundo necesidades, estímase en 11.332,32 € sen iva, cun importe correspondente ó iva (21%) de 2.379,79 € o cal totaliza un importe de 13.712,11 € con IVE (21%).

Atendendo as peculiaridades dos servizos obxecto deste contrato, o prezo do contrato determinarase en termos de prezos por servizo vinculado o contrato.

Para a determinación do orzamento base de licitación, tómanse como referencia os custos medios de necesidades baseadas en servizos similares recollidos noutros expedientes tramitados polo servizo de deportes.

O presente contrato será calculado en base á referencia do prezo unitario para cada carreira, segundo os conceptos desglosados de custes salariais e de seguridade social, xestión dos cronometraxes, difusión en redes sociais, xestións das clasificacións, montaxe e desmonte de infraestruturas e gastos xerais e beneficio industrial, establecéndose como prezo de licitación para dito contrato o de 11.332,32 € sen iva, cun importe correspondente ó iva (21%) de 2.379,79 € o cal totaliza un importe de 13.712,11 € con IVA (21%).

CUSTO UNITARIO POR CARREIRA (12 CARREIRAS)		
	SEN IVE	CON IVE
CUSTO UNITARIO POR CARREIRA	944,36€	1.142,68€

O importe máximo para a totalidade do contrato estímase en 11.332,32 € sen iva, cun importe correspondente ó iva (21%) de 2.379,79 € o cal totaliza un importe de 13.712,11 € con IVA (21%), co seguinte desglose do contrato por anualidades:

Anualidades	Importe sen iva	IVA	Importe con IVA
2026	11.332,32 €	2.379,79 €	13.712,11 €
Totais	11.332,32 €	2.379,79 €	13.712,11 €

Dito importe deberá ser aplicado con cargo os créditos do orzamento da concellería de Deportes na partida que se detalla:

3410	2260901	Organización de actividades deportivas
------	---------	--

O valor estimado do contrato establécese en 45.329,29€

O importe do contrato establécese de acordo cos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira contidos no artigo 7 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, xa que os créditos que se prevén para este contrato para cada exercicio son análogos aos existentes en anteriores exercicios orzamentarios co mesmo obxecto e non van a significar desequilibrio financeiro ningún tendo en conta que os prezos unitarios axústanse aos prezos de mercado, pois establecéronse coa experiencia adquirida na execución do vixente contrato.

d.- Revisión de prezos.

O presente contrato non será obxecto de revisión de prezos.

e.- Réxime de pagamento:

Pagaranse as facturas en función das carreiras efectivamente celebradas consonte aos prezos unitarios fixados, coa aplicación da % de baixa ofertada polo adxudicatario.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

f.- Clasificación contratistas

Non se esixe clasificación de conformidade co establecido no artigo 77.1.c da LCSP

g.- Solvencia económica e Financeira e solvencia técnica:

Solvencia económica e financeira: Acreditarase como segue: Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual o superior ao 70% do valor estimado do contrato.

Solvencia técnica e profesional que acreditarase da forma seguinte (artigo 89 LCSP): Unha relación dos principais servizos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos por importe igual ou superior ao 70% do prezo do contrato.

Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.

Os servizos acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

Xustificación solvencia:

Os requisitos solicitados na presente contratación de conformidade co establecido no artigo 74 da LCSP, están directamente vinculados co obxecto do contrato e son totalmente proporcionais; dado que solicitar o volume anual de negocios e unha relación dos principais servizos efectuados durante os tres últimos anos de igual ou similar natureza ao obxecto do contrato, son condicións mínimas que respectan o principio de liberdade de acceso ás licitacións.

h.- Criterios de selección da oferta máis vantaxosa.

En relación ós criterios de adxudicación e tendo en conta as peculiaridades deste contrato e de acordo co establecido no artigo 145.1 da LCSP, óptase pola elección de múltiples:

A) CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR:

A.1.- PLAN DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DO SERVIZO (POS): Valorarase con ata 25 puntos.

Incluirá os seguintes subcriterios:

1.1.- Memoria de execución do servizo: Ata 15 puntos. Valorarase:

- Procedemento para realizar as operacións de inscricións, seguimento e análise estadístico.
- Procedemento para a xestión das clasificacións para o desenvolvemento dos servizos obxecto do contrato.

1.2.- Memoria do Plan de montaxe: Ata 5 puntos. Valorarase:

- A proposta lóxística e metodolóxica para realizar as operacións de montaxe e desmonte de medios técnicos e materiais e infraestruturas necesarias para o desenvolvemento dos servizos obxecto do contrato.

1.3.- Memoria do plan de calidade, seguimento e control: Ata 5 puntos.

Valorarase:

- Os procedementos e protocolos de seguimento e control de incidencias.
- Os procedementos e protocolos de resposta en caso de incidencias.
- Os procedementos, protocolos, procesos e metodoloxía de autoavaliación.
- Proposta de memoria final do desenvolvemento de cada un dos eventos con datos estadísticos detallados.
- Proposta de memoria final do circuíto anual con datos estadísticos detallados.

a.2 -Criterios para a presentación das memorias do POS. Para a presentación dixital da documentación se deberán ter en conta os seguintes criterios específicos:

- Deberá ser un arquivo dixital que inclúa as tres memorias que compoñen o POS, coas seguintes limitacións: Un máximo de 35 follas. Na cuantificación dos documentos teranse en conta todas as follas que a compoñan, incluíndo índices, portadas, gráficos, e demais follas incorporadas. O arquivo dixital non debe superar os 5 MB de tamaño.
- A denominación do arquivo, deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: “nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 20 caracteres)”; sobre B; POS.

Cando a documentación non cumpra cos requisitos indicados no apartado a.2 descrito anteriormente, procederase a súa valoración técnica, pero a puntuación acadada no apartado A.1 reducirase un 25%.

a.-3 Procedemento para puntuación dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor:

A puntuación será outorgada seguindo as seguintes regras:

1.- Outorgarase a maior puntuación fixada para cada unha das memorias a aquelas que desenvolvan adecuadamente os contidos indicados con análise específica, precisión, coherencia e idoneidade da proposta e as demais de xeito proporcional con respecto a mellor. Terase en conta: o grado de detalle, concreción e claridade sobre os procedementos relacionados co obxecto do contrato, a claridade da información e o grado de coñecemento do servizo a prestar, a xustificación coherente das proposicións propostas, e a coherencia documental.

2.- A puntuación será de 0 (cero) puntos para cada memoria que conteña aspectos contraditorios internos en relación coa oferta presentada e o contido obxecto do contrato.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

Umbral mínimo:

En primeiro lugar procederase á valoración técnica das memorias que conforman o PLAN DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DO SERVIZO (POS) co obxecto de avaliar a súa calidade técnica. Para estes efectos consideraranse:

- a) Ofertas con calidade técnica inadecuada: todas aquelas propostas que obteñan unha puntuación inferior ao 50% da puntuación máxima fixada para este criterio.
- b) Ofertas con calidade técnica suficiente: todas aquelas que obteñan unha puntuación igual ou superior ao 50% da puntuación máxima fixada para este criterio.

Aquelas ofertas situadas no intervalo de calidade técnica inadecuada serán excluídas da licitación.

Para a aplicación da puntuación necesaria para superar o umbral mínimo establecido non se terán en conta os descontos de puntuación por incumprimento dos requisitos de presentación do PLAN DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DO SERVIZO (POS).

B) CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA: Valorarase con ata 75 puntos.

1.-Porcentaxe de desconto único a aplicar ao prezo unitario consignado no apartado 2.A da memoria: Valorarase con ata 45 puntos.

2.-Maior desconto no prezo que o adxudicatario aplicará en concepto de aluguer de chip desechable ou non reutilizable ás entidades organizadoras de cada unha das probas con respecto ó prezo detallado no Prego Técnico: valorarase con ata 10 puntos

3.- Proposta de servizos complementarios: valorarase con ata 20 puntos. Considérase que os servizos complementarios propostos supoñen unha mellora na promoción e difusión do programa municipal RunRunVigo (Mailing e enlace directo no entorno web), na mellora da exactitude dos resultados e seguimento de cada unha das probas (Zona de control intermedio e monitor de seguimento) e unha mellora na atención ós e ás deportistas (Ampliación do prazo de inscrición ata as 48 horas previas).

Valorarase consonte a seguinte escala:

- Zona de control intermedio complementario en todas as probas: 3 puntos.
- Monitor de seguimento de clasificacións na zona de chegada de cada proba cun tamaño mínimo de 55": 3 puntos.
- 5 Mailing masivos de promoción de carreiras pedestres ou eventos en vía pública a celebrar na cidade de Vigo organizados ou con participación municipal non incluídos no programa RunRunVigo: 5 puntos.
- Ampliación prazo de inscrición de corredores ata 48h previas á celebración do evento nos casos que se solicite: 5 puntos.

- Enlace directo no entorno web da empresa ás principais redes sociais dos organizadores de cada unha das probas e do Concello de Vigo: 4 puntos.

i.- Subcontratación.

Admítese nos termos previstos no artigo 215 do LCSP. Non se fixan tarefas críticas a realizar polo contratista principal.

j.- Prazo de garantía:

Pola natureza da prestación obxecto deste contrato non é necesario fixar prazo de garantía.

k.- Garantía provisional e definitiva:

Non procede a constitución dunha garantía provisional e como garantía definitiva, o licitador que resulte adxudicatario provisional do contrato deberá prestar unha garantía do 5% do prezo do orzamento base de licitación (excluído o iva).

l.- Prazo de execución e si se prevén prórrogas do mesmo.

Establécese como período do contrato de acordo os límites contemplados no artigo 29 da L.C.S.P, o de 1 ano, con data prevista de inicio o 1 de xaneiro de 2026, debendo rematar obrigatoriamente o 31 de decembro de 2026, data na que remata o programa anual runrunvigo, establecéndose tres prórrogas dun ano cada unha.

O prazo de execución xustifícase na imposibilidade de prever a continuidade do programa, ou se se producirán cambios que podan afectar substancialmente ó mesmo, ou que afecten ó seu propio ó desenvolvemento, polo que parece aconsellable limitar a duración do contrato a un ano, coa posibilidade de prorrogar ou non o contrato no caso de consideralo adecuado e que as condicións sexan as axeitadas.

m.- Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato.

Non se prevé.

n.- Modificación do contrato.

Non se prevé.

o.-Seguro:

Se esixirá a subscripción das oportunas pólizas de seguros, que deberán cumprir cos requisitos acto seguido sinalados:

1.- Seguro de Responsabilidade Civil con entidade aseguradora legalmente autorizada, co obxecto de cubrir as obrigas derivadas do obxecto do contrato. Dito seguro de Responsabilidade Civil deberá ter un límite de indemnización non inferior a 300.000 euros por sinistro e ano para cubrir o pago das indemnización das cales puidera resultar civilmente responsable polos prexuízos causados, debido a faltas ou erros propios ou cometidos por persoas das que deba legalmente responder.

As garantías mínimas esixidas de Responsabilidade Civil serán:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

- RCivil Explotación – incluíndo a garantía da RCivil Subsidiaria no caso de que se subcontrate algún tipo de traballo ou xestión relacionada co obxecto do contrato.
- RCivil Patronal – cun sublímite por vítima nunca inferior a 300.000 €
- Defensa xurídica e Fianzas.

2. Calquera outro seguro de contratación obrigatoria conforme á lexislación vixente durante o período da duración do contrato.

A póliza reseñada no punto 1 deberá prestar cobertura polos danos acontecidos e reclamados durante todo o período de execución do contrato e ata o remate dos mesmos e polos danos acontecidos durante este período de execución e que sexan reclamados tras 24 meses despois da súa finalización.

Antes do inicio da execución do obxecto do contrato, o Concello de Vigo disporá de copia das pólizas subscritas e firmadas polas Aseguradoras para cubrir os riscos descritos, ou certificado no seu defecto, así como tamén do correspondente recibo liquidado.

En caso de sinistro, calquera diferenza que xurda no pago das indemnizacións, xa sexa por aplicación de franquías ou outro tipo de descubertos no seguro contratado, deberá ser soportada polo adxudicatario.

O adxudicatario se obriga a reparar os danos e responder por aqueles riscos que non queden garantidos nas pólizas de seguro descritas anteriormente, a fin de levar a bo término o obxecto do contrato, conforme as obrigas e responsabilidades asumidas. A contratación das pólizas descritas non eximirá nin limitarán as obrigas e responsabilidades derivadas do obxecto do contrato.

Os xustificantes de subscrición das pólizas de seguros soamente se esixirá o licitador cuxa oferta sexa determinada como a mellor relación calidade-prezo e deberá ser presentado, en todo caso, antes do inicio de execución do contrato do contrato.

3.- Proposta:

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación para a prestación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuito RunRunVigo na cidade de Vigo.

Segundo: Aprobar o Prego de prescrición técnicas particulares coa regulación dos aspectos técnicos sobre a execución do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuíto RunRunVigo na cidade de Vigo, asinado polo xefe do servizo de deportes-Director deportivo, con data 21.02.25.

Terceiro: Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola xefa da área de contratación e novos proxectos do Concello de Vigo con data 09.07.25.

Cuarto: Autorizar o gasto polo importe máximo de 11.332,32 € sen ive, cun importe correspondente ó ive (21%) de 2.379,79 € o cal totaliza un importe de 13.712,11 € con IVE (21%), co seguinte desglose do contrato por anualidades:

Anualidades	Importe sen ive	IVE	Importe con IVE
2026	11.332,32 €	2.379,79 €	13.712,11 €
Totais	11.332,32 €	2.379,79 €	13.712,11 €

Dito importe deberá ser aplicado con cargo os créditos do orzamento da concellería de Deportes na partida que se detalla e a bolsa de vinculación:

3410	226.09.01	Organización de actividades deportivas
------	-----------	--

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(569).- BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A ORGANIZACIÓN DE FEIRAS E FESTIVAIS SECTORIAIS CON SEDE EN VIGO QUE FOMENTEN A CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO 2025.EXPTE 21524-77.

Visto o informe de fiscalización de data 17/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 07/07/2025, asinado pola xefa de Participación cidadá e Desenvolvemento Local e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Obxecto da subvención:

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola concellería da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas do



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

Concello de Vigo -que se integra na liña 4.10. Actividades de defensa dos intereses comerciais, industriais, profesionais e de carácter económico do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024 - ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas dirixidas ao financiamento de feiras e festivais industriais e comerciais ou calquera outro de igual ou similar que promova o desenvolvemento empresarial, en beneficio do interese xeral e colabore nun maior benestar social.

II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

Neste marco normativo, a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Participación Cidadá e Emprego.

De conformidade co exposto, queda determinada a competencia municipal para o exercicio da actividade de fomento do emprego.

III. Beneficiarias:

Con carácter xeral, poderán acceder á condición de beneficiarias das subvenciones reguladas nesta bases entidades sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), fundacións e institucións de dereito público e entidades de dereito privado (empresas ou sociedades do sector das feiras, congresos e convencións con

estrutura e capacidade suficientes para garantir o cumprimento dos obxectivos do proxecto feiral presentado) e que teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo.

IV. Finalidade:

Estas axudas están dirixidas ao fomento do emprego mediante a celebración de feiras e festivais industriais e comerciais, de índole internacional, estatal e autonómica que impulsen o desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador do emprego entre a cidadanía de Vigo, que redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

Xa que logo, a finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego mediante a celebración de feiras e festivais industriais e comerciais, e en particular:

- Promoción das industrias e profesionais de sectores estratéxicos da cidade.
- Fomento na opinión pública da importancia social e económica destes sectores, industriais, tecnolóxicos e comerciais, e o potencial como eixo comercial internacional.
- Posicionamento estratéxico como polos económicos e industrias para competir nun mercado global.
- Consolidación e fomento do emprego derivado da organización de feiras e festivais dos sectores industriais, tecnolóxicos e comerciais.
- Potenciación da capacidade do sector industrial, tecnolóxico e comercial da nosa contorna e os valores turísticos de Vigo, tendo en conta as oportunidades que se desenvolven no ámbito destas citas que converten a nosa cidade nun gran escaparate, así como a consolidación empresarial no ámbito de actuación da feira ou festival.

V. Procedemento de concesión da subvención:

Esta nova convocatoria realízase en réxime de concorrència competitiva.

VI. Normativa de aplicación:

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VII. Tramitación electrónica:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinadas electronicamente polo representante legal da entidade con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Cada entidade poderá presentar unha única solicitude, podendo incluír máis dun evento en dita solicitude.

Así mesmo e, a tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, as entidades beneficiarias achegarán a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a presentación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

VIII. Contía total e crédito orzamentario:

1. A contía total destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario (2025) do Concello de Vigo é de **205.000,00€** (douscentos cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida. 2410 4700003, denominada “Feiras industriais”.

Poderase ampliar a contía máxima do crédito dispoñible para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O límite máximo establecido para cada entidade solicitante é de **80.000,00 euros**.

3. O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrancia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade.

4. Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederase á redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

X. Publicidade:

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para a organización de feiras e festivais industriais e comerciais con sede en Vigo que fomenten a contratación de persoas en situación de desemprego 2025” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación, segundo cada caso, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión da denominación da actividade subvencionada.

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

XI. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local. Xa que logo, de conformidade co disposto na vixente LRBRL e de acordo coas delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2023, correspóndelle á Xunta de Goberno Local a adopción do presente acordo.

XII. Recursos:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

De conformidade co anteriormente exposto, a tenor do previsto nas bases reguladoras da subvención, do artigo 23.3 da Lei de Subvencións de Galicia, e nos termos e condicións, alcance e contido dos informes de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da quinta tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, nos termos competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 124 da Lei 7/85 e Resolución Alcaldía de delegación de competencias do 28/06/2024), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe de 205.000,00€ (douscentos cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4700003, denominada “Feiras industriais”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo correspondentes ao ano 2025.

SEGUNDO: Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma, as Bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para a organización de feiras e festivais sectoriais con sede en Vigo que fomenten a contratación de persoas en situación de desemprego 2025” e os modelos de formularios oficiais, que se achegan ao presente acordo.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para a organización de feiras e festivais sectoriais con sede en Vigo que fomenten a contratación de persoas en situación de desemprego 2025” e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web (www.vigo.org) a disposición das persoas usuarias.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS PARA A ORGANIZACIÓN DE FEIRAS SECTORIAIS CON SEDE EN VIGO QUE FOMENTEN A CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO 2025

BASE 1ª.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCÍONS

Obxecto.

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola concellería da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas do Concello de Vigo - que se integra na liña 4.10. Actividades de defensa dos intereses comerciais, industriais, profesionais e de carácter económico do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024 - ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas dirixidas ao financiamento de feiras e festivais industriais e comerciais ou calquera outro de igual ou similar natureza que promova o desenvolvemento empresarial, en beneficio do interese xeral e colabore nun maior benestar social que se realicen entre o **16 de outubro de 2024 e o 15 de outubro de 2025**.

Finalidade.

Estas axudas están dirixidas ao fomento do emprego mediante a celebración de feiras e festivais industriais e comerciais, de índole internacional, estatal e autonómica que impulsen o desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador do emprego entre a cidadanía de Vigo, que redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

Xa que logo, a finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego mediante a celebración de feiras e festivais industriais e comerciais, e en particular:

- Promoción das industrias e profesionais de sectores estratéxicos da cidade.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

- Fomento na opinión pública da importancia social e económica destes sectores, industriais, tecnolóxicos e comerciais, e o potencial como eixo comercial internacional.
- Posicionamento estratéxico como polos económicos e industrias para competir nun mercado global.
- Consolidación e fomento do emprego derivado da organización de feiras e festivais dos sectores industriais, tecnolóxicos e comerciais.
- Potenciación da capacidade do sector industrial, tecnolóxico e comercial da nosa contorna e os valores turísticos de Vigo, tendo en conta as oportunidades que se desenvolven no ámbito destas citas que converten a nosa cidade nun gran escaparate, así como a consolidación empresarial no ámbito de actuación da feira ou festival.

Beneficiarias.

Con carácter xeral, poderán acceder á condición de beneficiarias das subvenciones reguladas nesta bases entidades sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), fundacións e institucións de dereito público e entidades de dereito privado (empresas ou sociedades do sector das feiras, congresos e convencións con estrutura e capacidade suficientes para garantir o cumprimento dos obxectivos do proxecto feiral presentado) e que teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo.

BASE 2ª.- REQUISITOS DAS SOLICITANTES

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarias as entidades sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), fundacións e institucións de dereito público e entidades de dereito privado, que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que a actividade feiral presentada se desenvolva en Vigo.
3. No caso de entidades sen ánimo de lucro deberán atoparse debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria.
4. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
5. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesarias para acadalos.
6. Que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social. O/s interesado/s poderá/n autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para o cal achegarán o **Anexo IV** cumprimentado e asinado electronicamente.
7. Que se acompañe á solicitude a documentación preceptiva detallada na Base Oitava desta convocatoria.
8. Non atoparse comprendido en ningún dos supostos recollidos no artigo 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións.
9. Para subvencións de importe superior a 30.000 euros, as persoas físicas e xurídicas, distintas das entidades de dereito público, con ánimo de lucro suxeitas á Lei 3/2004, do

29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, deberán acreditar cumprir, nos termos dispostos neste apartado, os prazos de pago que se establecen na citada Lei para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora.

10. A xustificación por parte das solicitantes de non atoparse incursas nas prohibicións para obter a condición de beneficiarias realizarase na forma establecida no artigo 13,7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, e no Título Preliminar, capítulo III, sección 3 do Regulamento da citada Lei Xeral de Subvencións, aprobada polo RD 887/2006, de 21 de xullo.

BASE 3º.- GASTOS SUBVENCIONABLES

A subvención soamente poderá cubrir os gastos directos de fomento do emprego. Considéranse gastos directos aqueles servizos vinculados directamente coa organización e celebración da feira e/ou festival que fomenten o emprego da actividade feiral ou festival e que financian a consecución dos seus obxectivos.

Consideraranse gastos subvencionables, as seguintes categorías de servizos directamente vinculadas coa organización e celebración da feira e/ou festival que fomenten o emprego:

- a) Montaxe e desmontaxe.
- b) Rotulación, sinalización, iluminación, megafonía, servizos audiovisuais.
- c) Servizo de azafatas, tradución simultánea, guías turísticos ou similares, vixilancia, seguridade e limpeza e medios persoais que permitan a participación no evento garantindo a accesibilidade universal.
- d) Plans de autoprotección e evacuación.

Non se considerarán gastos subvencionables os que a continuación se relacionan:

- a. Os gastos financeiros.
- b. Os custes indirectos en que incorra a beneficiaria.
- c. Os xuros debedores de contas bancarias.
- d. Xuros, recargos e sancións administrativas e penais.
- e. Os gastos de procedementos xudiciais.
- f. Os importes correspondentes á aplicación do impostos sobre o valor engadido (IVE) ou outros impostos, agás cando os devanditos impostos sexan real e definitivamente soportados pola solicitante sen que sexan susceptibles de recuperación ou compensación e poida amosarse mediante a presentación da documentación oficial correspondente.
- g. Gastos de persoal propio da entidade solicitante.

BASE 4ª.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

1. A contía total destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario (2025) do Concello de Vigo é de **205.000,00€** (douscentos cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida. 2410 4700003, denominada “Feiras industriais”.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

Poderase ampliar a contía máxima do crédito dispoñible para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O límite máximo establecido para cada entidade solicitante é de **80.000,00 euros**.
3. O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade.
c) Anexo III: Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas asinada electronicamente polo representante legal da entidade.

d) Anexo IV: Autorización expresa para a consulta e verificación de datos polo Concello de Vigo, para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesourería da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Vigo. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as ***Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social***, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.

e) Anexo V: Proxecto do evento sobre o que se solicita a subvención, o cal deberá incluír relación detallada das actividades a realizar, obxectivos, destinatarios finais, detalle do orzamento total do evento e calquera outra información que estimen conveniente para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes, o devandito proxecto deberá ser asinado electronicamente polo representante legal da entidade.

f) Anexo VI: Certificado acreditativo do cumprimento da Lei 3/2004, de 29 de decembro. Só terá que ser presentado no caso de que a solicitante sexa unha entidade de dereito privado e poida presentar conta de perdas e ganancias abreviada. No caso de non poder presentala, achegará Certificación expedida por un auditor inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, ou ben, se non fose posible expedir este certificado, "Informe de Procedementos Acordados", elaborado por un auditor inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, segundo se recolle no art. 13.3.bis da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

A solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou solicitar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible obter os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

Oitavo. Órganos competentes para a instrución, resolución do procedemento e notificación. Recursos e renuncia.

1.- Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

2.- O Servizo de Desenvolvemento Local, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos/as de Desenvolvemento Local, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4.- A avaliación das solicitudes de subvención, conforme aos criterios sinalados nas presentes bases, realizarase pola **Comisión de Valoración**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: A concelleira da Área de Goberno de A concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas ou concelleiro/a en quen delegue.
- 2 Vogais: O/a xefe/a de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e un/unha técnico/a do mesmo.
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario/a un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

A concelleira da Área resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión. A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de persoas expertas sobre materias concretas se o considera conveniente.

5- As solicitudes avaliaranse en atención á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Novena, deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada.

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, a Comisión de Valoración remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **seis meses** contados a partir da publicación do extracto da convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando conclusos o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

7. A resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorren **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

8. Dende o día seguinte á notificación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a **aceptación ou renuncia** da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

9. O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

10. Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos, recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou-no prazo establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC). Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contáranse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

11. A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluído o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, no vindeiro exercicio orzamentario.

Noveno. Criterios de valoración.

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinadas para tal fin no correspondente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible para cada exercicio.

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables, e os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación do importe a conceder serán os seguintes:

- **Alcance**, isto é o ámbito xeográfico ao que se dirixe, autonómico, peninsular ou internacional. Computarase o número de entidades expositoras tendo en conta a ubicación da sede central das mesmas (máximo 40 puntos):

- Entidades Expositoras Internacionais (Fóra da Península Ibérica):
 - Máis de 150 entidades internacionais 30 puntos
 - De 100 a 150 entidades internacionais: 20 puntos
 - De 75 a 99 entidades internacionais: 16 puntos
 - De 50 a 74 entidades internacionais: 12 puntos
 - De 25 a 49 entidades internacionais: 10 puntos
 - De 1 a 24 entidades internacionais: 8 puntos
 - Entidades Expositoras Peninsulares (España e Portugal):
 - Máis de 150 entidades peninsulares: 10 puntos
 - De 100 a 150 entidades peninsulares: 8 puntos
 - De 50 a 99 entidades peninsulares: 6 puntos
 - De 1 a 49 entidades peninsulares: 4 puntos
- **Fomento do voluntariado no evento:** 5 puntos.
 - Un punto por cada participante voluntario no evento cun máximo de 5 puntos.
- **Accións de inclusión para o fomento da empregabilidade de persoas con discapacidade:**
 - Contratación directa de persoas con discapacidade: 5 puntos .
 - Un punto por cada contrato de persoa con discapacidade no evento cun máximo de 5 puntos
- **Experiencia e antigüidade impactando na economía da cidade**, acreditada do proxecto e considerando as edicións **desenvolvidas en Vigo**, (máximo 10 puntos):
 - Máis de 10 edicións : 10 puntos
 - Entre 7 6 9 edicións: 8 puntos
 - Entre 4 e 6 edicións : 5 puntos
 - Entre 2 e 3 edicións: 3 puntos
 - Primeira edición: 1 punto
- **Número de asistentes previstos á feira de xeito presencial demostrado coa recollida de acreditacións e/ou venda de tickets.** Como base requírense os datos históricos de asistentes da anterior edición e a estimación diferenciada da presente edición (os asistentes reais no caso de que xa se celebre a feira). Con estes datos, aplicarase para o cálculo de asistentes a media ponderada seguinte: $n^o \text{ asistentes edición anterior} \times 0,4 + \text{edición deste ano} \times 0,6$ (máximo 30 puntos):
 - Máis de 25.000 asistentes: 30 puntos
 - Entre 20.000 y 25.000 asistentes: 25 puntos
 - Entre 15.000 e 19.999 asistentes: 20 puntos
 - Entre 10.000 e 14.999 asistentes: 15 puntos
 - Entre 5.000 e 9.999 asistentes: 10 puntos



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

- Entre 1.000 e 4.999 asistentes 5 puntos
- **Achega de recursos propios** para os gastos xerais de funcionamento e/o equipamento (ata 5 puntos). Entenderase por recursos propios aqueles que a entidade destina ao evento obxecto da subvención provenientes dos seus propios orzamentos e que no poderán ser substituídos por achegas doutras entidades nin incluídos nos gastos subvencionables do evento.
 - Achega de máis do 30%: 5 puntos.
 - Achega entre o 21% e o 30%: 3 puntos.
 - Achega entre o 10% e o 20%: 2 puntos.
- **Impacto da feira ou festival na empregabilidade da cidade de Vigo, medido na creación de emprego directo para o evento**, entenderase polo número de persoas contratadas de xeito directo para o desenvolvemento do evento. Como base requírense os datos históricos de contratos da anterior edición e a estimación diferenciada da presente edición (o número de contratos reais no caso de que xa se celebre a feira). Con estes datos, aplicarase para o cálculo de contratacións a media ponderada seguinte: $n^{\circ} \text{ contratos directos edición anterior} \times 0,4 + n^{\circ} \text{ contratos directos edición deste ano} \times 0,6$ (ata 30 puntos).
 - Máis de 150 contratacións: 30 puntos
 - Entre 125 e 150 contratacións: 20 puntos
 - Entre 100 e 124 contratacións: 15 puntos
 - Entre 75 e 99 contratacións: 10 puntos
 - Entre 50 e 74 contratacións: 6 puntos
 - Entre 25 e 49 contratacións: 3 puntos

A máxima puntuación que se pode acadar será de **125 puntos**.

Décimo. Outros datos.

A beneficiaria deberá xustificar no prazo de 30 días hábiles, dende o día seguinte ao derradeiro día do evento, sempre e cando non exceda este prazo do día **31 de outubro de 2025** o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá achegar unha conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>, na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

Décimo primeiro. Publicación.

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para a organización de feiras e festivais industriais e comerciais con sede en Vigo que fomenten a contratación de persoas en situación de desemprego 2025” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación, segundo cada caso, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión da denominación da actividade subvencionada.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO XX/XX/2025 POLO QUE SE CONVOCAN AS SUBVENCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN DE FEIRAS SECTORIAIS CON SEDE EN VIGO QUE FOMENTEN A CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO 2025

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro.- Obxecto e Finalidade

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola concellería da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas do Concello de Vigo -que se integra na liña 4.10. Actividades de defensa dos intereses comerciais, industriais, profesionais e de carácter económico do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024 - ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas dirixidas ao financiamento de feiras e festivais industriais e comerciais ou calquera outro de igual ou similar natureza que promova o desenvolvemento empresarial, en beneficio do interese xeral e colabore nun maior benestar social que se realicen entre o **16 de outubro de 2024 e o 15 de outubro de 2025**.

A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego mediante a celebración de feiras e festivais industriais e comerciais, de índole internacional, estatal e autonómica que impulsen o desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador do emprego entre a cidadanía de Vigo, que redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

Xa que logo, a finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego mediante a celebración de feiras e festivais industriais e comerciais, e en particular:

- Promoción das industrias e profesionais de sectores estratéxicos da cidade.
- Fomento na opinión pública da importancia social e económica destes sectores, industriais, tecnolóxicos e comerciais, e o potencial como eixo comercial internacional.
- Posicionamento estratéxico como polos económicos e industrias para competir nun mercado global.
- Consolidación e fomento do emprego derivado da organización de feiras e festivais dos sectores industriais, tecnolóxicos e comerciais.

Potenciación da capacidade do sector industrial, tecnolóxico e comercial da nosa contorna e os valores turísticos de Vigo, tendo en conta as oportunidades que se desenvolven no ámbito destas citas que converten a nosa cidade nun gran escaparate, así como a consolidación empresarial no ámbito de actuación da feira ou festival.

Segundo. Beneficiarias.

Con carácter xeral, poderán acceder á condición de beneficiarias das subvenciones reguladas nesta bases entidades sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), fundacións e institucións de dereito público e entidades de dereito privado (empresas ou sociedades do sector das feiras, congresos e convencións con estrutura e capacidade suficientes para garantir o cumprimento dos obxectivos do proxecto feiral presentado) e que teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo.

Terceiro. Bases reguladoras.

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo do XX/XX/2025 e publicadas en <http://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=é>.

Cuarto. Contía das axudas.

1. A contía total destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario (2025) do Concello de Vigo é de **205.000,00€** (douscentos cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida. 2410 4700003, denominada “Feiras industriais”.

Poderase ampliar a contía máxima do crédito dispoñible para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O límite máximo establecido para cada entidade solicitante é de **80.000,00 euros**.

3. O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrancia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade.

4. Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as

actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederase á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de **10 días hábiles**, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinadas electronicamente polo representante legal da entidade con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Cada entidade poderá presentar unha única solicitude, podendo incluír mais dun evento en dita solicitude.

Sexto. Documentación.

A documentación necesaria deberá presentarse electronicamente. As solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os solicitantes achegarán á solicitude a documentación que se indica a continuación:

a) Anexo I: Solicitude:

- Datos da entidade solicitante.
- Datos da persoa representante legal da entidade.
- Dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou un enderezo de correo electrónico, que necesariamente deberán indicar para poder enviar un aviso de posta a disposición das notificacións electrónicas. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
- Sinatura electrónica do representante legal da entidade: deberán asinar electronicamente a solicitude **antes do seu envío** a través da sede electrónica.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

b) **Anexo II: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos asinada electronicamente polo representante legal da entidade.**

c) **Anexo III: Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas asinada electronicamente polo representante legal da entidade.**

d) **Anexo IV: Autorización expresa para a consulta e verificación de datos** polo Concello de Vigo, para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesourería da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Vigo. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as ***Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social***, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.

e) **Anexo V: Proxecto do evento sobre o que se solicita a subvención**, o cal deberá incluír relación detallada das actividades a realizar, obxectivos, destinatarios finais, detalle do orzamento total do evento e calquera outra información que estimen conveniente para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes, o devandito proxecto deberá ser asinado electronicamente polo representante legal da entidade.

f) **Anexo VI: Certificado acreditativo do cumprimento da Lei 3/2004, de 29 de decembro.** Só terá que ser presentado no caso de que a solicitante sexa unha entidade de dereito privado e poida presentar conta de perdas e ganancias abreviada. No caso de non poder presentala, achegará Certificación expedida por un auditor inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, ou ben, se non fose posible expedir este certificado, "Informe de Procedementos Acordados", elaborado por un auditor inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, segundo se recolle no art. 13.3.bis da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou solicitar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible obter os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

Sétimo. Outros datos.

A beneficiaria deberá xustificar no prazo de 30 días hábiles, dende o día seguinte ao derradeiro día do evento, sempre e cando non exceda este prazo do día **31 de outubro de 2025** o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá achegar unha conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>, na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

7(570).- AMPLIACIÓN DE CRÉDITO PARA DIETAS DOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS PARA O ANO 2025 NOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E SECUNDARIA. EXPTE 98552-332.

Visto o informe de fiscalización de data 18/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/07/2025, asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas, a concelleira-delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de decembro de 2024, acordou o seguinte:

“Primeiro.- Nomear representantes municipais nos consellos escolares de centro das escolas e colexios públicos de Vigo, ás persoas que de seguido se relacionan, con vixencia dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2025. (...)”, nomeándose un total de 14 representantes municipais.

“Segundo:- Aprobar a aplicación para este concepto da dieta de 39,78.-€, establecida na actualidade para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos B e C e da dieta de 36,72.-€, establecida na actualidade para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos D e E, consonte co recollido no artigo 30 e anexo IV do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo.

As asistencias aos Consellos escolares de Centro totalizaranse, a efectos de pago, dúas veces ao ano, o 31 de xullo e o 31 de decembro de 2025.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

A previsión do gasto anual polo concepto “Dietas de asistencia dos Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros Públicos de Vigo” é de 14.000,00 euros, con cargo á bolsa de vinculación da partida 3230.233.0000 do orzamento de 2025.

Terceiro.- *Establecer a perda da condición de representante municipal para quen non xustifique, antes da súa realización, a súa ausencia á reunión do consello escolar de centro ou á de coordinación do Servizo de Educación que, a fin de estudar a situación xeral, convocarase cando menos, de xeito trimestral.”*

En consonancia co anterior, realizouse a operación contable A 12025000000156 por importe de 14.000,00 euros.

Tal como se indica no informe proposta do técnico do Servizo de Educación, conformado pola xefa do servizo, pola concelleira delegada de Educación, pola concelleira da Área de Goberno de Educación e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, de data 10/12/2024, a efectos retributivos, a cantidade económica a percibir polos/as representantes municipais por asistencias aos Consellos Escolares de Centro serán, as homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal, consonte co recollido no artigo 30 e anexo IV do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo, e normativa de concordante aplicación:

- na categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos B e C 39,78 euros,
- na categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos D e E 36,72.- euros.

As asistencias aos Consellos escolares de Centro totalízanse, a efectos de pago, dúas veces ao ano, o 31 de xullo e o 31 de decembro. Os custes totais destinados ao pagamento das dietas por asistencias aos Consellos Escolares de Centro para o ano 2025 deben ser aplicados con cargo á bolsa de vinculación da partida orzamentaria 3230.233.0000 “Dietas de asistencia a Consellos Escolares” do orzamento do exercicio de 2025.

No entanto, obsérvase un efecto de notable incremento das actividades organizadas polos centros educativos que provocou tamén un importante incremento no número de convocatorias do principal órgano colexiado de xestión nos centros educativos públicos de educación infantil, primaria e secundaria, o cal se traduce nun aumento das xuntanzas de Consellos Escolares nos diferentes centros educativos da nosa cidade. Outro factor que repercute no número de asistencias a xuntanzas do devandito órgano é a nova división de zonas educativas (agora fixadas en catorce) coa consecuente incorporación de novos representantes municipais.

En consecuencia o crédito en concepto de dietas por asistencias dos representantes municipais ás sesións do Consello Escolar, inicialmente previsto no punto segundo do acordo da Xunta de Goberno Local resulta ser insuficiente, razón pola cal se solicita o incremento do seu importe de cara a poder atender as previsións reais e concretas correspondentes ás dietas por asistencias dos representantes municipais á totalidade das

xuntanzas dos Consellos Escolares que tiveron lugar entre os días 9 de xaneiro e 17 de xullo de 2025.

Para atender o anteriormente exposto, o incremento que se calcula ascende a 3.414,46 euros, e podería imputarse á bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria 3230.233.0000 (Dietas de asistencias a Consellos Escolares). O uso destes créditos con cargo á bolsa de vinculación non afecta ao normal funcionamento do servizo.

Por todo o anteriormente exposto, previo informe de Intervención Xeral, solicítase á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Aprobar un incremento de 3.414,46 euros na previsión do gasto anual polo concepto “Dietas de asistencia dos Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros Públicos de Vigo”, con cargo á bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria 3230.233.0000 do exercicio orzamentario de 2025.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(571).- PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA XESTIÓN DO CENTRO DE EMERXENCIA PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO (CEMVI). EXPTE 9423-224.

Visto o informe xurídico de data 29/05/2025 e o informe de fiscalización do 17/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/05/2025, asinado pola xefa de Igualdade e conformado pola concelleira delegada de Igualdade, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 26 de setembro de 2019, acordou aprobar a celebración dun Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Vigo para o desenvolvemento da xestión do Centro de Emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero (CEMVI), que foi asinado polas partes en data 2 de outubro de 2019.

O convenio ten por obxecto regular a xestión e o mantemento do CEMVI establecendo o marco da colaboración entre o Consorcio e o Concello de Vigo e definindo as achegas de cada unha das partes e as obrigas e compromisos que adquiren, de acordo sempre cos principios de atención de emerxencia, especializada e multidisciplinar.

O CEMVI, integrado na Rede galega de acollemento, ten como finalidade proporcionar aloxamento inmediato e de curta estancia ás mulleres, e á súa prole, que se atopen inmersas nunha situación de malos tratos e garantirlles un acollemento de emerxencia



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

mentres se valora a súa situación, se inicia o tratamento e/ou se efectúa unha derivación a outro dispositivo máis axeitado.

O Centro garante unha atención continuada ás usuarias todos os días do ano, incluídos sábados, domingos e festivos.

Mediante a sinatura do convenio, o Consorcio Galego comprometeuse a asumir a xestión integral do Centro facéndose cargo de todos os gastos derivados do seu funcionamento e equipamento. O Consorcio Galego debe xestionar o Centro de Emerxencia de acordo coa normativa aplicable en materia de centros de servizos sociais e de acollida para mulleres vítimas de malos tratos e coa súa propia normativa interna, correspondéndolle, entre outras, as seguintes atribucións e cometidos:

- a) Garantir a acollida no CEMVI das mulleres vítimas de violencia de xénero e das persoas delas dependentes derivadas polo Concello de Vigo.
- b) Selección, contratación e dirección do persoal.
- c) Garantir o cumprimento do regulamento e normas de réxime interno e demais normativa vixente.
- d) Elaboración do proxecto de intervención das mulleres aloxadas no dispositivo.
- e) Con carácter xeral, todas aquelas xestións que se deriven da cesión do uso do Centro.

O Concello de Vigo asumiu a obriga de ceder ao Consorcio Galego o uso do inmobile e do equipamento e mobiliario existente, así como o compromiso de contribuír ao financiamento dos gastos derivados do funcionamento e mantemento do CEMVI cunha achega máxima anual de 241.000 €, segundo o estipulado na cláusula oitava do convenio.

Na cláusula décimo cuarta do convenio aprobado, e de conformidade co establecido no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), establécese a duración deste convenio en catro anos comezando a súa vixencia dende a súa sinatura polas partes. Así mesmo, a dita cláusula dispón que o convenio poderá prorrogarse por catro anos máis, sen que a súa duración total poida superar o prazo máximo de oito anos. Cada unha das prórrogas será por un período dun ano de duración e precisará do acordo previo das partes e a aprobación da Xunta de Goberno Local antes da finalización da vixencia do convenio.

En base ao anterior, e dado que os catro anos do período de vixencia do convenio asinado polas partes finalizaron o 1 de outubro de 2023 e que a segunda prórroga do convenio aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 28 de xuño de 2024 finaliza o 1 de outubro de 2025, en data 19 de maio de 2025 solicitouse ao Consorcio Galego que comunicase ao Concello de Vigo a súa conformidade ou desconformidade coa continuidade do convenio, que se materializaría a través da aprobación pola Xunta de

Goberno Local dunha terceira prórroga do convenio, dun ano de duración, que se estendería desde o día 2 de outubro de 2025 ata o 1 de outubro de 2026 (incluídos).

Mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello o 21 de maio de 2025 e número de documento 250117610 (anexado a este expediente), a Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar comunicou a súa conformidade coa continuidade do convenio e coa terceira prórroga do mesmo.

A teor do exposto, este Servizo xestor valora procedente tramitar e propoñer a aprobación da terceira prórroga do convenio, que comprenderá o período dende o 2 de outubro de 2025 ata o 1 de outubro de 2026 (ambos incluídos).

Para poder facer fronte aos pagos do convenio durante o período de vixencia da terceira prórroga é necesario comprometer o importe total de 241.000 €. O devandito gasto farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria “*Convenio Cons. Galego Igual. B.S Centro Emerxencia*” 2311 4539000 do orzamento vixente do Servizo de Igualdade e do futuro exercicio 2026, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do Servizo de Igualdade, desglosado do seguinte xeito: 60.086,02 € para o presente exercicio económico e 180.913,98 € para o futuro exercicio 2026.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Competencias da Administración local:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que, no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, do 3 de agosto, atribúe aos municipios competencia na materia de “*actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero*”.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que regula no capítulo VI do Título Preliminar os convenios das Administracións Públicas.
- Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local.

Dereitos das vítimas e normativa sobre igualdade e violencia de xénero:

Nivel internacional:

- Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica, asinado en 2011 (Convenio de Estambul), vinculante para España desde 2014, que estipula a obriga das partes de establecer medidas e servizos de apoio especializados inmediatos, a curto e a longo prazo, entre eles: o asesoramento psicolóxico, o asesoramento xurídico, a asistencia



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

financeira, os servizos de aloxamento, a educación, a formación e a asistencia para a busca de emprego (artigo 20).

Nivel estatal:

- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que impón aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. No seu artigo 21.2, estipula que as Entidades Locais integrarán o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e colaborarán, a tal efecto, co resto das Administracións públicas.
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, cuxo artigo 1 inclúe, dentro do seu obxecto, a prestación de asistencia ás mulleres, aos seus fillos e fillas menores e aos e ás menores suxeitos á súa tutela ou garda e custodia, vítimas desta violencia, e dispón que a violencia de xénero a que se refire esta Lei comprende tamén a violencia que, co obxectivo de causar prexuízo ou dano ás mulleres, se exerza sobre os/as seus/súas familiares ou achegados/as menores de idade. O artigo 19, ademais, establece o dereito á atención integral para as vítimas, que inclúe os servizos de apoio e acollemento, e a competencia para a súa organización por parte das Corporacións Locais.
- Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, que, no seu artigo 29, establece a obriga das administracións públicas de prestar especial atención á protección do interese superior dos nenos, nenas e adolescentes que conviven en ámbitos familiares marcados pola violencia de xénero, garantindo a detección destes casos e a súa resposta específica, que garanta a plena protección dos seus dereitos, e estipula que as actuacións das administracións públicas deben producirse dunha forma integral, contemplando conxuntamente a recuperación da persoa menor e da nai, ambas vítimas da violencia de xénero, concretamente, garantirán o apoio necesario para que as nenas, os nenos e adolescentes, de cara á súa protección, atención especializada e recuperación, permanezan coa muller, salvo se isto é contrario ao seu interese superior.
- Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, que modifica determinados artigos da Lei orgánica 1/2004 co obxectivo de dar cumprimento ao Pacto de Estado contra a violencia de xénero. O seu artigo 33 establece o dereito á asistencia social integral especializada e accesible para as mulleres, nenas e nenos vítimas de violencia sexual.
- Pacto de Estado contra a violencia de xénero aprobado polo Congreso das Deputadas e Deputados en data 26 de febreiro de 2025, renovando e actualizando o Pacto de Estado do 28 de setembro de 2017, que recolle, no eixo de actuación 2.

Resposta institucional: coordinación e traballo en rede, entre outras, as seguintes medidas: asegurar e reforzar unha rede de servizos especializados de atención integral para a violencia de xénero en todas as súas formas, que garanta a atención en todo o territorio de mulleres e nenas menores de idade vítimas, e mellorar o apoio social, educativo, a formación e inserción laboral, as axudas e o acceso a casas de acollida ou pisos tutelados, vivendas públicas ou residencias de maiores.

- Catálogo de Medidas Urxentes do Plan de Mellora e Modernización contra a violencia de xénero, aprobado mediante Acordo do Consello de Ministros/as do 27 de xullo de 2021 (Acordo publicado pola Resolución do 28 de xullo de 2021 da Subsecretaría), que establece, dentro dos seus obxectivos, o de fortalecer o acceso próximo ás medidas de autonomía económica e o acceso á vivenda das vítimas e de seus fillos e fillas, con independencia da denuncia.
- Resolución de 9 de xuño de 2015 da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade do 21 de xullo de 2014, polo que se aproba o protocolo de derivación entre centros de acollida para as mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas.

Nivel autonómico:

- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que establece medidas para a sensibilización, prevención e tratamento da violencia de xénero, así como a protección e apoio ás mulleres que a sofren, e ás súas fillas e fillos e persoas dependentes dela. O artigo 1 desta Lei inclúe a violencia vicaria dentro do concepto de violencia de xénero e o seu artigo 3 considera como formas de violencia de xénero a violencia física, psicolóxica, económica, sexual e abusos sexuais, acoso sexual, trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual, a violencia vicaria, e a violencia de xénero dixital ou violencia en liña contra a muller, a explotación sexual, e calquera outra maneira de violencia recollida nos tratados internacionais que lesione ou sexa susceptible de lesionar a dignidade, a integridade ou liberdade das mulleres. No seu artigo 48, relativo á Rede galega de acollemento, define os centros de acollida como recursos especializados residenciais e temporais que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo, e que garantirán un tratamento integral de atención e/ou recuperación, que abrangue aspectos psicolóxicos, educativos, sociolaborais e xurídicos e favoreza a normalización da situación persoal das mulleres, da súa unidade familiar e a superación dos efectos da violencia. Ademais, a Lei establece que os servizos do sistema de protección e asistencia integral serán de titularidade pública, municipal ou autonómica, correspondéndolle a súa coordinación e supervisión á Administración da Xunta de Galicia.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

- VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027, que inclúe, dentro da *prioridade de actuación 8.3 Asegurar a atención integral ás vítimas de violencia de xénero*, a liña de acción 8.3.2 Mellora dos recursos de asistencia integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero e ás persoas ao seu cargo e garantía do seu acceso en contextos de emerxencia social (servizos de emerxencia, acollemento residencial, asistencia psicolóxica e xurídica, programas de inclusión sociolaboral, etc.), e a liña de actuación 8.3.7 Promoción de accións de colaboración con administracións, institucións e organizacións da sociedade civil para a mellora da coordinación e a atención ás vítimas de violencia de xénero.
- Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, que establece que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería con competencias en materia de igualdade, fomentará a coordinación e colaboración coas entidades locais en materia de sensibilización, prevención e atención integral en materia de violencia de xénero (art. 139.3.d).

Acreditación de centros:

- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que, nos artigos 12 e 13, establece que os servizos sociais comunitarios específicos desenvolverán programas e xestionarán centros orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares, procurando a súa normalización e reincorporación social ou como espacio de tránsito a un servizo especializado, e que terán como función, entre outras, a atención directa a colectivos con déficits de autonomía o en risco de exclusión que se desenvolva a través de programas en medio aberto, en centros de carácter no residencial ou de carácter residencial temporal. Así mesmo, a Lei atribúe aos concellos a competencia para a creación, xestión e mantemento dos servizos comunitarios específicos (artigo 60).
- Orde do 1 de abril de 1997 pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos, que define os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos como aqueles establecementos destinados a acoller durante un período determinado de tempo ás mulleres e, se é o caso, acompañadas das súas fillas e fillos menores ou incapacitados, que se encontren inmersas nunha problemática grave de malos tratos domésticos, inferidos polo cónxuxe ou persoa coa que manteña análoga relación de afectividade. A existencia de centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos ten como obxectivo, por unha banda, denunciar publicamente a violencia de que é obxecto en numerosos casos a muller dentro do seo do fogar familiar, concibindo a dita problemática como unha grave lacra social, e por outra dun modo

prioritario, atender as necesidades individuais das afectadas e as súas fillas e fillos menores ou incapacitados.

- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais en Galicia, que ten por obxecto a regulación do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, e o réxime de autorización, acreditación e inspección de servizos sociais.

Normativa municipal:

- IV Plan de Igualdade do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o día 25 de novembro de 2009, vixente na actualidade por Acordo da Xunta de Goberno Local do día 25 de xaneiro de 2013, que contempla entre os seus obxectivos específicos: 4.A. *Garantir e mellorar a atención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero*, e entre as actuacións a poñer en marcha: 4.A.9. *Potenciación e incremento dos recursos específicos de atención e axuda ás mulleres vítimas de violencia*.
- Resolución de Alcaldía de data 28 de xuño de 2024 de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade (BOPPO núm. 133, do 9 de xullo de 2024), que delega na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, en materia de igualdade, entre outras, as seguintes atribucións:
 - Xestionar e promover servizos de información, atención e acollemento ás mulleres vítimas de violencia de xénero e fillos e fillas menores ao seu cargo.
 - Relacións co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o seguimento e coordinación da xestión que ese organismo realiza do Centro de Emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero de Vigo.
 - Cooperar con outras institucións públicas ou privadas que desenvolvan actividades e programas relacionados coas competencias delegadas en materia de igualdade.

Polo devandito, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente, e previos os preceptivos informes xurídico e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Aprobado a terceira prórroga, dun ano de duración, do Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Vigo para o desenvolvemento da xestión do Centro de Emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero (CEMVI), que abrangue desde o 2 de outubro de 2025 ata o 1 de outubro de 2026 (ambos incluídos).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

2º.- Aprobar a autorización do gasto de 241.000,00 € para facer fronte ao pago da terceira prórroga do convenio. O devandito gasto farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria “*Convenio Cons. Galego Igual. B.S Centro Emerxencia*” 2311 4539000 do orzamento vixente do Servizo de Igualdade e do futuro exercicio 2026, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento futuro do Servizo de Igualdade, desglosado do seguinte xeito: 60.086,02 € para o vixente exercicio económico e 180.913,98 € para o futuro exercicio 2026.

3º.- Publicar este acordo no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(572).- PROXECTO DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DA ACTIVIDADE “PERCORRIDOS MEDIOAMBIENTAIS DE OUTONO POR CONTORNAS NATURAIS SINGULARES”, DENTRO DO PROGRAMA CAMIÑO A CAMIÑO 2025. EXPTE 18802-306.

Visto o informe de fiscalización de data 17/07/2025, sométese a aprobación o informe proposta de data 15/07/2025, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A concelleira delegada de Medio Ambiente en data do 10 de xullo de 2025, acordou a iniciación de procedemento administrativo para a elaboración e aprobación do proxecto de sensibilización medioambiental coa temática Percorridos Medioambientais de Outono por contornas naturais singulares, dentro do programa Camiño a Camiño 2025.

O Servizo de Medio Ambiente redacta o mencionado proxecto que recolle cinco rutas medioambientais por Galicia para un total de 750 participantes, que se desenvolveran nos meses de setembro e outubro de 2025.

As actividades que se realizarán baixo a denominación “En outono, contornas naturais singulares” van dirixidas ao coñecemento de espazos naturais de Galicia con distintos niveis de protección ambiental. As actividades versarán sobre a falla que atravesa Galicia dende Carballo ata Tui e que configura a parte occidental da comunidade autónoma.

As fallas son fracturas na corteza terrestre ó longo da cal houbo movemento relativo dos bloques de roca que a compoñen. Estas fracturas prodúcense cando as forzas tectónicas superan a resistencia das rochas, o que provoca o seu desprazamiento.

As actividades comezarán na Fervenza do río Barosa en Barro, que representa a parte baixa da falla e precisamente foi por onde se trazaron as vías de comunicación dende os romanos ata a actualidade. Aparte de ser un entorno natural singular, na actualidade, é o único lugar onde se mantén un tramo da calzada romana.

Nas tres etapas seguintes ascenderase ás montañas que bordean a falla para ver dende distintas perspectivas e comprender a dinámica desta e como condicionou a conformación das rías de Arousa, de Pontevedra e de Vigo. Haberá ocasión de achegarse outros paraxes naturais como o “Bosque de secuoyas de Colón” e outras contornas naturais de interese.

Para finalizar realizarase unha ruta por Vigo na que se percorrerá o río Barxa, afluente do río Lagares, e comprobarase algúns dos espazos de conservación máis interesantes do termo municipal composto por bosque de ribeira típico formado por amieiros (*Alnus glutinosa*) e salgueiros (*Salix ssp.*), hábitats prioritarios incluído na Directiva Hábitats (92/43/CEE).

O orzamento estimado das actividades, incluído transporte, ascende a un total de 22.536,25 euros (IVE engadido).

O presente orzamento, de máximos, é unha mera estimación e a posibilidade da súa execución virá determinada pola dispoñibilidade orzamentaria axeitada e suficiente cuxa fiscalización, cando proceda, se levará a cabo nos correspondentes expedientes administrativos precisos para súa efectiva execución.

A estes efectos a Concellería de Medio Ambiente prevé determinados procedementos administrativos: convenio de colaboración empresarial (en especie) con entidades privadas que desenvolverá as actividades previstas, co obxecto da execución deste proxecto de actividades.

O artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenazgo, establece que se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo que as entidades a que se refire o artigo 16 (entre as que están as entidades locais) a cambio dunha axuda económica (pode ser en especie) para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas citadas actividades.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

O artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo modificacións introducidas por Lei 2/2013, de 27 de decembro,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano” e, tamén, “ocupación do tempo de lecer”.

A Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística ten atribucións por delegación de competencias do alcalde do 28/06/2024, BOPPO 09/07/2024, en materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiental, tamén, o fomento de hábitos de vida saudables.

A protección do medio ambiente exerceuse non so a través dos procedementos de disciplina medioambiental, senón tamén a través de políticas de sensibilización, educación e concienciación da cidadanía en materia medioambiental.

As distintas leis sectorias, tanto estatais como da C.A. de Galicia, recollen dentro dos seus principios inspiradores a educación ambiental, a sensibilidade e concienciación da cidadanía polo respecto e protección do medio ambiente.

A Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia establece no seu artigo 2.e, como un dos principios inspiradores da Lei, o da promoción da educación ambiental e da concienciación cidadá, en tódolos sectores sociais, para una eficaz defensa dos valores ambientais, a fin de que, de acordo coa información obxectiva, completa e actual, poida participar a totalidade da poboación na defensa do seu medio ambiente.

Neste sentido, a Concellería de Medio Ambiente ben realizando actividades de sensibilización e educación medioambiental, fundamentalmente no entorno de Vigo e bisbarra.

As actuacións realizadas sempre buscan, ademais de trasladar coñecementos básicos sobre o medio ambiente, percibir directamente estes coñecementos coa experiencia de camiñar e de realizar accións interpretativas sobre o terreo.

Nesta liña, esta concellería pretende continuar con rutas medioambientais que fomenten a sensibilización da cidadanía polo medio ambiente, coñecemento do hábitat da área de influencia de Vigo e Galicia, tanto nas súas dimensións de flora e fauna como de conformación do ecosistema e das dinámicas humanas de adaptación a este. Para isto, desenvolveranse percorridos por espazos cunha riqueza natural particular tanto situados en Galicia, falcendo fincapé na súa riqueza natural.

O proxecto proposto configúrase, por tanto, como unha actividade conforme co interese público municipal e axustada ao ordenamento xurídico.

O artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenazgo, establece que se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo que as entidades a que se refire o artigo 16 (entre as que están as entidades locais) a cambio dunha axuda económica (pode ser en especie) para a realización das

actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas citadas actividades, polo que sería posible subscribir estes convenios para a execución das actividades.

En virtude do apartado Primeiro, 2 da resolución de delegacións de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2023 (BOPPO, 28/06/2023), correspóndelle a esta a “aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña ou promoción de actividade e ou servizos de competencia municipal”.

En mérito dos antecedentes e fundamentos expostos, formúlase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de organización e execución da actividade percorridos medioambientais de outono por contornas naturais singulares, dentro do programa camiño a camiño 2025, redactado polo Servizo de Medio Ambiente o 10 de xullo de 2025, que recolle cinco rutas de interese medioambiental por Galicia para un total de 750 participantes que se desenvolveran nos meses de setembro e outubro de 2025.

Segundo.- Unha vez aprobado o programa, tramitar os procedementos administrativos necesarios para a execución deste.

Terceiro.- Publicar no Portal de Transparencia municipal o presente acordo e o proxecto de actividades aos efectos de que as entidades empresarias interesadas no prazo de sete días hábiles acheguen solicitude de colaboración nos termos previstos no artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, conforme o modelo que se inclúe como anexo.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DA ACTIVIDADE “PERCORRIDOS MEDIOAMBIENTAIS DE OUTONO POR CONTORNAS NATURAIS SINGULARES”

SETEMBRO-OUTUBRO 2025

1. DESCRICIÓN DO SERVIZO

Dende a Concellería de Medio Ambiente lévanse facendo actividades de sensibilización e educación medioambiental nos últimos anos no entorno de Vigo e Galicia.

As actuacións realizadas sempre buscan, ademais de trasladar coñecementos básicos, percibir directamente estes coñecementos coa experiencia de camiñar e de realizar accións interpretativas sobre o terreo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

Nesta liña, esta Concellería pretende continuar con rutas medioambientais o vindeiro outono de 2025 que fomenten a sensibilización da cidadanía polo medio ambiente.

O proxecto de actividades integrarase dentro da colaboración Concello de Vigo con entidades privadas no marco de convenios de colaboración que se tramitarán no servizo de Medio Ambiente.

2. ACTIVIDADES: DESCRIPCIÓN

Preséntase o seguinte cronograma de actividades:

Data 2025	Día semana	Horario	Actividade: Paseo interpretativo	Usuarios	Autobús
28 set	Domingo	8:30-15:00	Fervenza do Río Barosa (Barro)	150	Discrecional
5 out	Domingo	8:30-15:00	Monte Castrove (Meis)	150	
12 out	Domingo	8:30-15:00	A Fracha (Pontevedra)	150	
19 out	Domingo	8:30-15:00	Monte Galleiro (Mos)	150	
26 out	Domingo	8:30-15:00	Río Barxa (Vigo)	150	

- **Programa dos percorridos interpretativos:**

As actividades realizadas baixo a denominación **“En outono, contornas naturais singulares”** van dirixidas ao coñecemento de espazos naturais de Galicia con distintos niveis de protección ambiental. As actividades versarán sobre a falla que atravesa Galicia dende Carballo ata Tui e que configura a parte occidental da comunidade autónoma.

As fallas son fracturas na corteza terrestre ó longo da cal houbo movemento relativo dos bloques de roca que a compoñen. Estas fracturas prodúcense cando as forzas tectónicas superan a resistencia das rochas, o que provoca o seu desprazamiento.

As actividades comezarán na Fervenza do río Barosa en Barro, que representa a parte baixa da falla e precisamente foi por onde se trazaron as vías de comunicación dende os romanos ata a actualidade. Aparte de ser un entorno natural singular, na actualidade, é o único lugar onde se mantén un tramo da calzada romana.

Nas tres etapas seguintes ascenderase ás montañas que bordean a falla para velas dende distintas perspectivas e comprender a dinámica desta e como condicionou a conformación das rías de Arousa, de Pontevedra e de Vigo. Haberá ocasión de achegarse outros paraxes naturais como o “Bosque de secuoyas de Colón” e outras contornas naturais de interese.

Para finalizar realizarase unha ruta por Vigo na que se percorrerá o río Barxa, afluente do río Lagares, e comprobarase algúns dos espazos de conservación máis interesantes do termo municipal composto por bosque de ribeira típico formado por amieiros (*Alnus glutinosa*) e salgueiros (*Salix ssp.*), hábitats prioritarios incluído na Directiva Hábitats (92/43/CEE).

- **Público obxectivo:**

Na actividade poderán participar persoas de todas as idades, particularmente adultos.

O número previsto de participantes está en 150 persoas por percorrido.

- **Cronograma da actividade:**

8:00 – 8:30 Convocatoria e saída dende a Praza do Rei

8:30 - 10:00/10:30 Desprazamento ata o lugar de inicio do percorrido

10:00/10:30 - 13:00 Percorrido programado.

13:00 -14:30/15:00 Retorno ata a Praza do Rei.

-

- **Perfil do persoal** preciso para o desenvolvemento do proxecto:

- a Un Coordinador de Actividade, que proporcionan o detalle da execución das actividades e os contidos a presentar ao monitoraxe, así como a distribución de funcións e tarefas a realizar durante as actividades dirixidas a gran grupo e a xestión administrativa correspondente.

- b Percorridos: Cinco monitores de actividade medioambientais, socioculturais ou de tempo libre segundo a previsión descrita anteriormente nos percorridos.

- c Persoal de apoio para os percorridos con furgoneta en circulación.

A organización da actividade, dinamización e comunicación desenvolverase a través dunha empresa especializada neste tipo de actividades.

Para o desprazamento está previsto empregar o autobús discrecional.

- **A empresa de servizos que desenvolva as actividades proxectadas deberá realizar:**

- a Os seguros de responsabilidade civil.

- b A relación que haxa cos usuarios previa e posterior ás actividades, en coordinación con persoal do Concello de Vigo. Derivada destas actuacións recibírase información persoal para a súa tramitación e, asemade entregárase aos monitores a información que estes precisen para desenvolver as súas funcións.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

- c A posta a disposición do material necesario para o desenvolvemento das actividades.
- d Aquelas outras obrigas de índole legal e organizativas que se deriven da organización da Campaña.

- **Tarefas xerais previstas**

- Organización e execución das actividades, incluído os recursos oportunos
- Xestión dos participantes sobre a base dos listados proporcionados pola Concellería de Medio Ambiente.
- Programación de cada actividade e elaboración dos guións de traballo e a documentación pertinente para a súa distribución entre o equipo e a correspondente preparación por parte deste.
- Organización do equipo de traballo para cada actividade a partir da indicación do número de usuarios inscritos o venres previo a cada unha.
- Organización da saída dos usuarios dende o punto de encontro tanto de inicio de actividade como de retorno definido pola Concellería de Medio Ambiente.
- Información xeral aos usuarios durante o desenvolvemento da actividade, así como atención a necesidades que se produzan ao longo da mesma.
- Apoio telemático á Concellería de Medio Ambiente no proceso de inscrición e participación nas actividades.
- Acompañamento ao grupo de usuarios nos desprazamentos polos paseos, con especial atención aos tramos de circulación rodada ou de especial dificultade.

•

3. ACTIVIDADES: ORZAMENTO ESTIMADO

O orzamento estimado das actividades determínase en función dos prezos de mercado de empresas do sector, con referencia ás táboas salariais do Convenio de Ocio educativo e Animación sociocultural, tendo en consideración que as actividades se realizan en domingo, e en consideración ás tarefas que se deben desenvolver antes citadas.

Ademais das horas de realización efectiva da actividade polos monitores, estes deben percorrer a ruta nos días anteriores cun tempo estimado igual ao da actividade.

En consideración ao exposto, estímase o seguinte orzamento:

Concepto e custes unitarios	Total Base €	% IVE €	Total IVE €	TOTAL €
-----------------------------	--------------	------------	----------------	------------

Monitorado e organización percorridos e actuacións 5 percorridos de medio día, con preparación previa e atención público x 2.225 €/percorrido	11.125,00	21%	2.336,25	13.461,25
Transporte discrecional (3 autobuses) 5 xornadas de transporte: 550 €/autobus	8.250,00	10%	825,00	9.075,00
CUSTE TOTAL	19.375,00		3.161,25	22.536,25

O presente orzamento, de máximos, é unha mera estimación e a posibilidade da súa execución virá determinada pola dispoñibilidade orzamentaria axeitada e suficiente cuxa fiscalización, cando proceda, se levará a cabo nos correspondentes expedientes administrativos precisos para súa efectiva execución.

A estes efectos a Concellería de Medio Ambiente tramitará determinados procedementos administrativos: convenio de colaboración con entidades privadas para desenvolver as actividades previstas, co obxecto da execución deste proxecto de actividades.

4. DESTINATARIOS E PROCESO DE INSCRICIÓN

Cara determinar os destinatarios da actividade establécense os seguintes criterios:

- Persoas maiores de idade veciños de Vigo (autorízase á organización a comprobar tal condición e a solicitar o DNI previamente á realización da actividade).
- No caso de residir en Vigo e non ser veciños incluírase na lista de agarda, confirmándose a praza no caso de vacantes ao final do proceso de inscrición.
- Menores de idade. Deberán ir acompañados polos seus pais ou titores legais. No caso de ir a cargo doutro adulto distinto deberá presentar un documento de autorización.
- Inscrición no Servizo 010 (986 810 260) de luns a xoves de 8 a 20 horas, os venres de 8 a 14 horas.
- Datos mínimos de inscrición: nome completo, DNI (no caso de menores, DNI do titor), teléfono de contacto, data de nacemento.
- Opcionais: e-mail.
- Cada persoa só poderá inscribir a un total de 3 persoas, sendo necesario dispor de todos os datos esixidos.
- A inscrición faise por estrito orde de entrada da chamada, que quedará debidamente rexistrada no sistema informático do Servizo 010 ou na Web.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

- No caso de cubrirese o cupo da ruta ou de non ser veciño de Vigo, pasarase á lista de agarda.
- As renuncias cubriranse coa lista de agarda, tendo preferencia os veciños de Vigo.
- Unha mesma persoa non poderá asistir a dúas rutas consecutivas.

5. PUBLICIDADE

O programa da actividade publicarase na Web municipal, sen prexuízo doutros canles de difusión.

6.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é co obxecto da realización da actividade na que se inscribe o/a participante.

Estes datos incorporaranse ás correspondentes actividades de tratamento do Concello de Vigo e serán tratados coa finalidade específica de cada tratamento de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo, L.O. 3/2018, de 5 do decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposición de aplicación. As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Vigo poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, perante o órgano responsable do ficheiro. No caso de descoñecer este órgano, diríxirse ao correo dpd.vigo@vigo.org

ANEXO

INSTANCIA-FORMULARIO DE
SOLICITUDE DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA PROXECTO DE ORGANIZACIÓN E
EXECUCIÓN DA ACTIVIDADE PERCORRIDOS MEDIOAMBIENTAIS DE OUTONO POR CONTORNAS
NATURAIS SINGULARES, DENTRO DO PROGRAMA CAMIÑO A CAMIÑO 2025,

NOME

DA

ENTIDADE:

.....

CIF.....ENDEREZO.....

.....

LOCALIDADE.....CÓDIGO
POSTAL.....

NOME DO REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE:.....
NIF.....TELÉFONO DE
CONTACTO..... CORREO ELECTRÓNICO
.....

ACTIVIDADE/S OU PROGRAMA/S OBXECTO DE COLABORACIÓN:

- PROXECTO DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DA ACTIVIDADE PERCORRIDOS MEDIOAMBIENTAIS DE OUTONO POR CONTORNAS NATURAIS SINGULARES, DENTRO DO PROGRAMA CAMIÑO A CAMIÑO 2025,

FORMA DE COLABORACIÓN:

- EN ESPECIE EXECUTANDO DIRECTAMENTE AS ACTIVIDADES E TRANSPORTE.
VALORACIÓN ECONÓMICA DA ACHEGA

En, ade.....de 20....

Asdo.:

10(573).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZO DE VIXILANCIA NOCTURNA NAS INSTALACIÓNS DE VIGOZOO. EXPTE 11758-612.

Visto o informe xurídico de data 15/07/2025 e o informe de fiscalización do 17/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/07/2025, asinado polo director de Réxime Interior, o xefe do Servizo de Medio Ambiente e conformado pola concelleira-delegada de Medio Ambiente e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

I.1.- D. Pedro Jesús Capote Conejos con DNI 47494163Z en representación da empresa SASEGUR SL, CIF B78976263, presentou escrito en data 06/06/2025) manifestando a vontade de prorrogar o contrato do que é adxudicatario do servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de VigoZoo (expdte 11758-612) en contestación ao requirimento de 28/05/2025.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

I.2.- A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente con data 30 de xuño de 2023, acordou aprobar o expediente para a contratación do servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de VigoZoo,

“ Adxudicar a SASEGUR, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de Vigozoo (11758-612) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 218.824,56 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 37.977,82 euros.*
- b) Propón una bolsa de horas de 150 horas.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

I.3.- Con data de 31/07/2023 a empresa adxudicataria asina o contrato para a prestación do servizo. Na documentación que forma parte do contrato, contemplándose unha prórroga de dous anos de duración.

A entidade adxudicataria ven prestando os servizos a satisfacción da administración municipal.

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

II.1.- O artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece que:

“ O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da presente Lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza ó menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses. En ningún caso poderá producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes. A prórroga do contrato establecida neste apartado non será obrigatoria para o contratista nos casos en que no contrato se dé a causa de resolución establecida no artigo 198.6 por terse demorado a Administración no abono do prezo máis de seis meses”.

O Prego de Cláusulas Administrativas particulares (en adiante, PCAP) que rexe este contrato establece na cláusula 7 que o prazo de execución poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses. O apartado 4. C da FEC contempla unha prórroga de dous anos de duración.

II.2.- Polo tanto, tanto a lexislación de aplicación (LCSP) como o contrato (PCAP), permiten a prórroga do contrato. Considérase procedente a prórroga, baseándose no desenvolvemento satisfactorio dos servizos así como o cumprimento pola mercantil adxudicataria das obrigas establecidas.

II.3.- PREZO PARA O PERÍODO DE PRÓRROGA E FINANCIAMENTO DO CONTRATO

O Anexo I de Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP no apartado 4.c) establece que:

“ PRÓRROGA DO CONTRATO E, EN CASO AFIRMATIVO, DURACIÓN: si, 1 prórroga de 2 anos de duración”

O prezo do contrato para a prórroga comprendida entre o 01/08/2025 e o 31/07/2027 é de 218.824,56 € coas seguintes anualidades:

2025: 45.588,45 €

2026: 109.412,28 €

2027: 63.823,83 €

Polo tanto, o importe da prórroga do contrato comprendido entre o 01/08/2025 e o 31/07/2027 ascende ao importe de 218.824,56 €, IVE 21% engadido. Para o ano 2025 será con cargo ás seguinte partida orzamentaria de gasto: 337.1.227.01.00 “Seguridade Nocturna”

II.- 4 COMPETENCIA

É órgano competente para a resolución da prórroga do contrato a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación do Concello de Vigo ao abeiro do establecido da Disposición adicional segunda, apartado 4, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Por todo o exposto, tralos informes favorables da Asesoría Xurídica Municipal e fiscalización de conformidade pola Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar a prórroga de dous anos de duración do contrato do servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de VigoZoo, á adxudicataria “ SASEGUR SL, (CIF B78976263)”, por acordo da XGL de 29/12/2022, dende o 1 de agosto de 2025 ao 31 de xullo de 2027.

O importe total do período da prórroga, 2 anos, é de 218.824,56 euros con IVE, dende o 01 de agosto de 2025 ata o 31 de xullo do 2027. Para o ano 2025 será con cargo á seguinte partida orzamentaria de gasto: 337.1.227.01.00 “Seguridade Nocturna”

As anualidades son:

2025: 45.588,45 €

2026: 109.412,28 €

2027: 63.823,83 €

SEGUNDO.- Notificar este acordo á entidade adxudicataria informándolle que conforme ós artigos 123 e 124 da Lei 39/2025, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contenciosos-administrativa, poderá interpoñer RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contenciosos Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados desde o día seguinte a aquel en que se



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

notifique a resolución expresa. Porén, Interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(574).- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI- VIGO NA FESTIVIDADE DO CRISTO DA VICTORIA DE VIGO 2025. EXPTE 2373-150.

Visto o informe xurídico de data 25/06/2025 e o informe de fiscalización do 17/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/06/2025, asinado polo xefe de Montes, parques e Xardíns, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependente o as Universidades públicas entre sí o con suxeitos de dereito privado para un fin común

O artigo 25.2.a) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local atribúe aos municipios competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e, concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.

En data 09/07/2014 por Resolución da Alcaldía delegáronse no concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, don Ángel Rivas González, as atribucións que sexan precisas para a dirección política, xestión, coordinación, tramitación, execución e seguimento do Convenio Marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para contribuír para o mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación del patrimonio cultural titularidade eclesiástica sito no ámbito municipal inclusive a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

O Concello en data 15/03/2024 asinou convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do Patrimonio Cultural de Titularidade Eclesiástica sito no ámbito municipal. No devandito convenio convénse que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.

A Comisión de Seguimento en sesión de data 06/02/ 2025 e a proposta da Diocese de Tui - Vigo seleccionou como proposta de actuación a realizar ao abeiro de dito Convenio a proposta de colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para financiar a Festividade do Santísimo Cristo da Victoria de Vigo, por importe de **50.327,24 euros**.

En data 12/06/2025 a Diocese achega solicitude de subvención (doc. 250136220), emendada con data 16/06/2025 (doc. 250136992), para o financiamento da actuación achegando ao efecto memoria da actividade, presuposto, certificados de estar ao corrente coa Seguridade social e obrigas tributarias co Estado e Comunidade Autónoma e certificado de representación. Con data 13/06/2025 a Diocese achega emenda ao respecto declaración de non solicitude nin obtención de axudas (doc. 250136813).

O convenio instrumenta unha subvención deberá cumprir o previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na normativa autonómica de desenvolvemento que no ámbito da Comunidade Autónoma ven determinada pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e regulamento de desenvolvemento

No presuposto do Concello consta a partida **9120.4800000** (Convenio Diócesis Tui-Vigo...), achegándose ao expediente a autorización da imputación do gasto asinada pola concelleira de concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal en data 04/02/2025 por importe de 51.000 euros (cincuenta e un mil euros) á referida aplicación orzamentaria dos orzamentos de Alcaldía ou a súa bolsa de vinculación.

Fronte ao procedemento ordinario de concesión de subvencións en réxime de concorrancia competitiva o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente no presuposto, e con carácter excepcional, daquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. A estes efectos no expediente consta memoria de conformidade co previsto no artigo 67.3.a do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e artigo 40.2 .a) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia na que se acredita as razóns de interese público, social, económico e cultural que xustifican o outorgamento directo da subvención e que se concretan no apoio ás actividades vinculadas coa celebración do Santísimo Cristo da Victoria, que contribúen á promoción cultural da nosa cidade, debido á gran afluencia de persoas que acoden ás celebracións, e na importancia destas na organización da procesión do Cristo da Victoria, símbolo indiscutible da nosa cidade.

A concesión da subvención directa instrumentase mediante convenio específico segundo o disposto na cláusula segunda do Convenio marco.

Neste senso, conforme o sinalado no artigo 67.3.a do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e artigo 40.2 .a) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consta memoria xustificativa da subvención. Así mesmo consta proxecto borrador de convenio e conformidade ao mesmo por parte da Diocese de Tui-Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

Dita subvención instruméntase mediante sinatura de convenio específico para o financiamento das actividades relacionadas coa Festividade Santísimo Cristo da Victoria de Vigo por importe de **50.327,24 euros** con cargo aos créditos orzamentarios na partida **9120.4800000 (Convenio Diócesis Tui-Vigo...)** do presuposto municipal 2025.

O órgano competente para a concesión da subvención corresponde á Xunta de Goberno Local en virtude das facultades delegadas por Resolución da Alcaldía de data 28.06.2024.

Polo exposto, previo informe xurídico e de Intervención, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui- Vigo na festividade do CRISTO DA VICTORIA DE VIGO 2025 (Anexo I)

SEGUNDO.- Aprobar e dispoñer o gasto que comporta dita subvención por importe de **50.327,24 euros** imputándose á partida presupostaria 9120.4800000 (Convenio Diócesis Tui-Vigo...) do estado de gastos do presuposto.

TERCEIRO.- Publicar o convenio no portal de transparencia segundo o artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de transparencia, acceso e información pública e bo goberno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO CON MOTIVO DA FESTIVIDADE DO CRISTO DA VICTORIA DE VIGO 2025

REUNIDOS

Dunha parte, D. Ángel Rivas González na súa calidade de concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo, en virtude do Decreto de Delegación da Alcaldía-Presidencia de data 9 de xullo de 2024.

Doutra parte, D. Jesús Martínez Carracedo, ecónomo diocesano da Diócese de Tui-Vigo, con NIF ***8257>>, e domicilio en Rúa Dr. Corbal, 90 - 36207, Vigo. Ostenta a súa representación en virtude de certificación incorporada ao expediente, pola que se acredita o nomeamento episcopal, non revocado nin caducado, de data 26 de febreiro de 2023. En diante “Diócese”

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para a sinatura deste convenio,

I.- Que o Concello de Vigo e a Diocese Tui - Vigo declaran o seu interese coincidente na conservación, estudo e posta en valor do patrimonio histórico, cultural e artístico da Igrexa Católica no municipio de Vigo, no marco do disposto nos artigos 16 e 46 da Constitución Española, no artigo XV do Acordo Internacional entre o Estado Español e a Santa Sede, sobre Ensinanza e Asuntos Culturais de 3 de xaneiro de 1979, segundo o cal, a Igrexa reitera a súa vontade de continuar poñendo ao servizo da sociedade o seu patrimonio histórico, artístico e documental, e concertará co Estado, as bases para facer efectivos o interese común e a colaboración de ambas partes, co fin de preservar e dar a coñecer e catalogar este patrimonio cultural en posesión da Igrexa, de facilitar a súa contemplación e estudo, de lograr a súa mellor conservación e impedir calquera clase de perdas no marco do artigo 46 da Constitución.

II.- Que conforme o artigo 25.2.a) da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local os municipios teñen competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras, protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural. Neste senso o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da participación cidadá na celebración de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural de especial relevancia, asume a tarefa de proporcionar colaboración ás organizacións de toda índole entre as que cabe sinalar as de índole confesional. Nesta liña, se veñen desenvolvendo diversas actuacións coa Diocese de Tui-Vigo, para contribuír ao financiamento de obras de conservación de bens mobles e inmoables de titularidade eclesiástica radicados no concello de Vigo en pro da protección e posta en valor desta parcela do patrimonio cultural e para o fomento de actividades culturais.

III- .- Que, o Concello en data 15 de marzo de 2024 asinou o convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do Patrimonio Cultural de Titularidade Eclesiástica sito no ámbito municipal no que se prevé a proposta de realización de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural.

IV.- Que no devandito convenio convense que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

IV.- Que a Comisión de Seguimento en sesión de data 6 de febreiro de 2025 a proposta da Diócese de Tui – Vigo, acordou a colaboración do Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo na organización e financiamento das actuacións relacionadas coa festividade do Cristo da Victoria de Vigo.

V.- A Procesión do Santísimo Cristo da Victoria leva celebrándose en Vigo desde hai máis de douscentos anos, cando, tras a liberación da ocupación francesa, o 28 de marzo de 1809, a corporación municipal decidiu organizar anualmente unha procesión transportando a imaxe do Cristo polas rúas da cidade, acompañada das autoridades e do pobo. Inicialmente a procesión celebraríase o día da Reconquista pero desde o ano 1883 pasou a desenvolverse o primeiro domingo de agosto. Desde entón milleiros de persoas veñen participando nela con gran devoción, converténdose nun símbolo indiscutible da cidade converténdose por si mesma e, con independencia da súa transcendencia relixiosa, nun polo de atracción turístico da cidade, en canto a número de asistentes.

IV.- Que no orzamento do Concello consta a partida 9120.4800000 (Convenio Diócesis Tui-Vigo...) e que consta no expediente 2373/150, a autorización da imputación do gasto, asinada pola concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal en data 04/02/2025, á seguinte aplicación orzamentaria 9120.4800000 (Convenio Diócesis Tui-Vigo...).

E, na súa virtude, ambas institucións consideran oportuno subscribir un convenio específico de colaboración con arranxo ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRO.-OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración e as obrigas entre o Concello de Vigo e Diocese de Tui-Vigo que do mesmo se deriva nas actuacións que conforman a festividade do Santísimo Cristo da Victoria de Vigo.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello de Vigo comprométese a:

- a) Organizar o acto do Pregón do Santísimo Cristo da Victoria, previsto nos xardíns do Parque de Castrelos, que dará comezo ao programa de actividades p.
- b) Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.

- c) Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidade necesarias.
- d) Colaborar na promoción do evento nos distintos medios de comunicación.
- e) Financiamento do custe das actuacións previstas a través da concesión dunha subvención polo importe máximo establecido na cláusula terceira.

A Diocese Tui Vigo comprométese a:

- a) Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no expediente.
- b) Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención nos termos do proxecto achegado ao expediente.
- c) Obter todos os permisos e autorizacións que no seu caso sexan necesarios para a realización das actividades (solicitudes de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos...).
- d) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades, asumindo a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil núm. 254/22702964 de UMAS Unión Mutua Asistencial Seguros, que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.
- e) Xestionar medios materiais e técnicos, así como a contratación dos traballos necesarios para o cumprimento do obxecto do convenio, así como o abono de todos os gastos derivados da súa realización.
- f) Facilitar ao persoal técnico e ao persoal da inspección municipal o acceso á instalación para canda comprobación teñan que realizar aos efectos de comprobación das actuacións realizadas, así como a colaboración co persoal municipal a efectos de comprobación de canda documentación e información lle sexa requirida.
- g) Publicitar en todas as actividades incorporando os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada, que, previamente deberán ser validados pola Área de goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais antes da súa publicación.
- h) Comunicar á Área de goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios no proxecto, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización das eventuais



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1930/1102

modificacións, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

- i) Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención do Concello de Vigo pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

TERCEIRA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O orzamento total da execución dos traballos ascende a **50.327,24 euros**.

O Concello de Vigo contribuirá ao financiamento da actuación coa cantidade de **50.327,24 euros** (IVE incluído) equivalente ao custo da actividade.

Este financiamento realizarase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 9120.4800000 (Convenio Diócesis Tui-Vigo...), constando no expediente autorización da imputación do gasto asinada pola concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal en data **04/02/2025**.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A estes efectos a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actuación subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1.- O prazo de xustificación finalizará o 15 de novembro de 2025. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións. A

presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 30/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a Diocese Tui-Vigo está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org> e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

